


Os espazos de vida cotiá, contexto e contido da Educación Social nos Servizos Sociais



Os ESPAZOS de vida cotiá, contexto e contido da Educación Social nos Servizos Sociais / editoras, Carmen Morán de Castro, ... [et al.]; [organizado pola Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela e o Grupo de Investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA)].- Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2011. – 98 p. : il. cor . – Formato en pdf, 13,9 Mb. – Precede ao tít. : Universidade de verán, 2010. – ISBN 978-84-9887-702-1

1. Servizo social. 2. Pedagogía social. I. Morán de Castro, Carmen. II. Cruz López, Laura. III. Iglesias Da Cunha, Lucía. IV. Varela Crespo, Laura. V. Universidade de Santiago de Compostela. Vicerreitoría de Cultura. VI. Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA). VII. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

37.035

Entidades organizadoras:



VICERREITORÍA DE CULTURA



Grupo de Investigación
Pedagogía Social
Educación Ambiental

Entidades patrocinadoras:



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

Edita

Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publicacions

ISBN 978-84-9887-702-1

<http://hdl.handle.net/10347/2683>

Índice

Limiar.

<i>José A. Caride Gómez</i>	5
-----------------------------------	---

Presentación

<i>Carmen Morán de Castro e Laura Cruz López</i>	8
--	---

Contextos de acción socioeducativa nos Servizos Sociais

A intervención socioeducativa dos servizos sociais de atención primaria en centros escolares.

<i>Raquel Seijo Gómez</i>	12
---------------------------------	----

Espazos de comunicación nos servizos sociais.

<i>Susana López Bogo</i>	17
--------------------------------	----

Experiencias de medidas xudiciais en medio aberto.

<i>Duarte Crestar Pena</i>	26
----------------------------------	----

O teatro como ferramenta de acción socioeducativa

Obradoiro de teatro do oprimido: a arte da participación.

<i>Hugo Cruz e Susana Madeira</i>	32
---	----

Experiencias de teatro social nos servizos sociais.

<i>Ramón Molina Gómez</i>	34
---------------------------------	----

Visión interprofesional dos contextos de acción nos Servizos Sociais

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

<i>Sofía Riveiro Olveira</i>	41
------------------------------------	----

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

<i>Mª Jesús López Cernadas</i>	49
--------------------------------------	----

Os contextos na planificación da acción socioeducativa en Servizos Sociais

Proxecto de Benestar Social no Concello de Allariz.

<i>Mª Pilar Gallego Cid</i>	61
-----------------------------------	----

Experiencias do Concello de L'Hospitalet de Llobregat.

<i>Mª Rosa Monreal Bel</i>	69
----------------------------------	----

A acción socioeducativa no Concello de Ponte Caldelas. Relatorio dunha experiencia no medio rural galego.

<i>Eva Mª Moldes Casal</i>	77
----------------------------------	----

Avaliación do curso

<i>Laura Varela Crespo, Ana Miranda del Campo e Lucía Iglesias da Cunha</i>	86
---	----

Anexos	93
---------------------	----

Limiar.

Acerca da cotidianeidade como contexto e pretexto da acción-intervención socioeducativa

José A. Caride Gómez
Director de SEPA

A invocación do cotiá, como un expoñente visible do “mundo da vida” –aquele que segundo Husserl, alude ás realidades naturais, sociais e culturais tal e como son percibidas, interpretadas e vivenciadas polos suxeitos na súa experiencia diaria–, ten adquirido un especial releve nos procesos de acción-intervención social, cando menos nunha dobre perspectiva:

- a) Dunha banda, a que procuran as teorías e os métodos orientados a coñecer a sociedade nos múltiples escenarios nos que se proxectan as interaccións sociais (grupos, comunidades, institucións, etc.), convidando a unha revisión crítica do cometido atribuído na indagación científica a quen coñece e ao que é coñecido, aos contextos e aos suxeitos;
- b) doutra, a que se sustenta nos modelos e prácticas que poñen énfase na necesidade de contextualizar a iniciativa cívica –sexa de natureza profesional e/ou cidadá– na vida diaria, no que nela é singular e no que fai o común da xente, activando estratexias que contribúan a outorgarlle un maior protagonismo ás persoas e ás comunidades na construción individual e colectiva das súas respectivas realidades.

Como se sabe, no decorrer científico e a pesar de acreditar unha traxectoria de varias décadas, a descodificación da vida cotiá aínda acostuma a ser presentada como unha práctica metodolóxica emerxente, inserida nos controvertidos debates arredor do cuantitativo e do cualitativo na investigación social. Neste sentido, e á marxe doutras consideracións de denso percorrido epistemolóxico e gnoseolóxico, cabe sinalar que na posta en valor do cotiá –sexa como texto, contexto e/ou obxecto de estudo–, merecen salientarse as contribucións feitas por un amplo abano de autores e obras nas que a etnografía, a conversa e o relato, a dramaturxia, as biografías ou a observación..., son recoñecidas como vías de acceso preferente e case único ao estudo de realidades que dificilmente poden ser comprendidas en toda a súa complexidade sen ter en conta os significados (percepcións, representacións, crenzas, opinións, etc.) que os suxeitos elaboran acerca das mesmas. Que o fan non só como persoas dotadas dun potencial crítico e analítico, con capacidade para explicar e interpretar as circunstancias que envolven as súas vidas, senón e sobre todo pola súa condición de persoas que habitan de xeito cotiá unha determinada realidade, sendo máis ou menos conscientes do que isto supón no continuo tránsito que vai do ordinario ao extraordinario, da rutina á novidade, do que se agarda e do que resulta imprevisible.

Tendo a súa orixe, entre outros, nos aportes de Dilthey e Weber, a estima polo coñecemento do cotiá tense proxectado nun amplo elenco de disciplinas, nas que o quefacer historiográfico, sociolóxico, antropolóxico, filosófico, psicosocial, etc., de autores como Le Goff, Duby, Rifkin, Goffman, Garfinkel, Simmel, Mead, Heller, Lefebvre, Berger e Luckmann, Schütz, Balandier, Maffesoli, Kaufmann, etc..., acentúan a transcendencia que para o coñecemento científico teñen as lecturas da realidade das que son portadores os suxeitos, xeradas e comunicadas atendendo aos seus particulares modos de relacionarse co mundo.

Con esta intencionalidade, o tempo histórico e a experiencia vivida conflúen na busca dunha maior apertura dos saberes cara as explicacións e interpretacións que cada persoa fai da súa realidade, con toda a carga de subxectividade que isto supón para a construción dun pluralismo cognitivo e metodolóxico no que se conxuguen as evidencias da racionabilidade coas das racionalidade, conciliando o intelectualismo profundamente arraigado na tradición científica da modernidade cos xuízos baseados nas prácticas persoais, que diría Stephen Toulmin.

Nos procesos de acción-intervención social, aos que se asocian decisións e iniciativas coas que se pretenden afrontar as necesidades da poboación procurando o seu benestar, o cotiá identifícase coas manifestacións simbólicas e materiais nas que cada persoa –e o conxunto da sociedade, nos seus diferentes agregados (familias, comunidades de veciñanza, grupos de iguais, etc.)– desenvolve a súa vida, nas coordenadas espazo-temporais que enmarcan a súa existencia e os vínculos sociais que habilitan a súa maior ou menor capacidade de adaptación ó mundo, así como da súa transformación e mellora.

A natureza diversa e dispersa do cotiá tradúcese nos procesos de acción-intervención social nunha variada gama de desafíos aos que deben facer fronte as persoas e as institucións que teñen a responsabilidade de promover e/ou desenvolver as súas prácticas, sexa no plano político, institucional, profesional ou cívico. Desafíos que comezan polo compromiso explícito que os poderes públicos subscriben constitucionalmente, nos Estados sociais e democráticos de dereito, coa dignificación da condición cidadán, nos termos en que así o requiren o pleno exercicio das liberdades, da equidade e da xustiza social. Unha tarefa que mais aló do que debe supor legal e normativamente, comporta unha actuación decidida na loita contra a pobreza e as desigualdades, na redución das condicións de exclusión e marxinalidade, de minoración das dependencias e dos riscos que afectan a persoas e colectivos en situacións de vulnerabilidade, bastante a miúdo xa crónicas.

Para que isto sexa factible nos espazos da vida cotiá, a intervención social deberá plasmarse nun conxunto articulado de prestacións e servizos, de programas e recursos, que posibiliten un mellor e maior desenvolvemento humano, de cada persoa e das comunidades nas que constrúen a súa sociabilidade. De aí a importancia da educación e do que, coas claves científicas, académicas e profesionais que fornece a Pedagogía Social, representan as prácticas socioeducativas na integración do educativo na sociedade e do pedagóxico no traballo social, activando novas lecturas

acerca das relacións establecidas entre as súas áreas de influencia, reforzando a vontade emancipatoria e transformadora da que pretende dotarse a Educación Social, en contraste coas cuestionables orientacións asistencialistas e benevolentes que teñen prevalecido nas nosas sociedades ata as últimas décadas do pasado século.

En calquera caso, estamos lonxe de compartir as opinións que observan as estratexias de territorialización e os dispositivos de proximidade como un retorno á problematización dos suxeitos e á perda dos enfoques globais e integrais, como defende Mejed Hamzaoui (2005)¹ na súa análise sobre a evolución histórica das políticas públicas e do seu progresivo sometemento ás teses liberais, a resultas da mundialización da economía e a incidencia que os mercados teñen no desmantelamento dos logros do Estado de Benestar.

Sen obviar que isto acontece, agravado pola crise do sistema financeiro e das súas consecuencias prácticas na vida cotiá das persoas, todo indica que territorializar as intervencións tamén poderá ter efectos directos nos cambios estruturais que deben producirse nas nosas sociedades, afianzando mediante a descentralización e a democratización dos poderes públicos, o potencial de cambio que ten a cidadanía para traducir o pensamento global en accións locais, congruentes cun pensamento local que se proxecte en iniciativas e actuacións de alcance global.

Trátase, creemos, de cambiar a mirada e de repensar os procesos de transformación social nas sociedades contemporáneas, onde a tradición –como dirá Gurrutxaga²– ten interese e cabida, ao igual que a teñen as novas formas de sociabilidade que incorporan ao presente as complexas articulacións dun mundo de redes, nos que o “local” e “cotiá” non se oculta senón que se recoñece e lexítima con un “campo de prácticas” valioso e inescusable, que vai máis aló da idea de proximidade. Nel, as poboacións deben sentirse concernidas e non só destinatarias das decisións e actuacións que as afectan, como axentes ou actores que desbordan o seu rol de públicos, clientes ou receptores das actuacións que promoven.

A entidade e identidade pedagóxica da cotidianeidade e dos seus espazos, como contexto e contido dunha acción socioeducativa estimable para os servizos sociais, queda ben patente nas reflexións e experiencias que foron presentadas e debatidas no Curso de Verán celebrado na Universidade de Santiago de Compostela rematando xullo de 2010, e do que, agora, se publicitan os seus textos.

¹ Hamzaoui, M. (2005). *El trabajo social territorializado: las transformaciones de la acción pública en la intervención social*. Valencia: Nau Llibres-Publicacions Universitat de València.

² Gurrutxaga, A. (2010). La innovación de la comunidad: hogar, santuario y vínculo social. En Marinis, P. de; Gatti, G. e Irazuzta, I. (eds.). *La comunidad como pretexto: en torno al (re)surgimiento de las solidaridades comunitarias*. Barcelona: Anthropos-Universidad Autónoma Metropolitana, pp. 51-86.

Presentación.

*Carmen Morán de Castro
Laura Cruz López
Directoras do curso*

Se os Servizos Sociais son concibidos como “instrumentos de materialización efectiva de benestar social, de prevención da discriminación e da exclusión, e en xeral, como medio de realización dos dereitos básicos da cidadanía”, como recolle no seu Preámbulo a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, a educación revélase inequivocamente como un dos piares que sustentan esta declaración, ao asentar o seu logro no recoñecemento, desenvolvemento e exercitación das potencialidades persoais e colectivas.

O proceso permanente de acadar e/ou incrementar cotas de liberdade e autonomía ao longo da vida -requirimentos de base para o exercicio dos deberes e dereitos dunha cidadanía plena-, apóiase na natureza permanente dos procesos educativos, nas posibilidades ilimitadas que teñen as capacidades humanas de superarse, sempre que, nun proceso intencional, se dean as condicións axeitadas.

Superando a focalización aos déficits, a educación baseada nas potencialidades humanas –e “a sola existencia humana supón un potencial enigmático de producir cambios”³–, acada o seu auténtico significado cando se pensa e recrea partindo da estrutura social e os contextos onde se desenvolve, eses onde viven as persoas.

Esta perspectiva tennos reiteradamente levado a cuestionar como profesoras, investigadoras e profesionais da Educación Social nos Servizos Sociais, o encorsetamento da actuación socioeducativa en espazos excesivamente formalizados que acaban por distorsionar e esclerotizar non só os procesos, senón as propias finalidades: cal é o eixo e orientación da intervención socioeducativa, as persoas ou as estruturas?. Por outra parte, estruturas concibidas en non poucas ocasións como espazos-fortaleza, escasamente propicios á dinámica de apertura e intercambio que require a articulación reticular dos diferentes subsistemas da política social en cada comunidade.

Co propósito de reflexionar arredor destes aspectos coas e cos profesionais e estudantes da educación social, planificamos unha actividade formativa que, tendo como referencia os contextos de intervención socioeducativa nos Servizos Sociais e as/os seus profesionais, avanzara no logros dos seguintes obxectivos:

- En primeiro lugar, visibilizar e poñer en valor o labor educativo no marco dos Servizos Sociais, corroborando o concurso imprescindible da Educación Social e das/os seus profesionais na planificación e desenvolvemento das iniciativas, e na constitución dos equipos interprofesionais precisos.

³ Fryd, P. e Silva, D. (2010). *Responsabilidad, pensamiento y acción. Ejercer educación social en una sociedad fragmentada*. Barcelona, Gedisa, p.12.

- Recoñecer e potenciar a diversidade de espazos da vida cotiá como contextos ineludibles para a acción socioeducativa nos Servizos Sociais.
- Superar a visión restritiva do espazo administrativo e/ou domiciliario como marcos exclusivos da acción profesional en Servizos Sociais.
- Identificar espazos da vida cotiá como elementos clave na planificación e desenvolvemento da acción socioeducativa nos Servizos Sociais.
- Difundir experiencias de acción socioeducativa no marco da acción comunitaria en medio aberto.

Atendendo a esta orientación o curso articulouse arredor de cinco bloques de traballo que foron desenvolvéndose mediante diversas estratexias metodolóxicas – conferencias, mesas redondas, obradoiros–.

Os bloques foron:

- A Educación Social nos Servizos Sociais: A educación como medio e fin para unha vida digna e de calidade. A educación como un proceso de toma de decisións emerxente desde a realidade social.
- Experiencias e recursos de acción socioeducativa nos contextos de vida cotiá: a rúa, centros educativos, barrios, centros especializados. Características, condicións e requirimentos para un óptimo desenvolvemento dos procesos educativos.
- Perspectiva interprofesional dos contextos de acción nos Servizos Sociais. Visión desde os colexios profesionais de Educación Social, Psicoloxía e Traballo Social.
- A planificación da acción socioeducativa nos Servizos Sociais atendendo aos diversos espazos de actuación.
- O marco lexislativo dos Servizos Sociais. Evolución e perspectiva de futuro.

Finalmente queremos deixar constancia do agradecemento ás persoas e institucións que fixeron posible que o curso se desenvolvera. En primeiro lugar ao Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Benestar Social que amosou unha total receptividade a esta iniciativa achegando importantes recursos económicos, profesionais e materiais. Ao grupo de investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA) ao que pertencemos, poñendo a disposición do curso os recursos persoais e materiais precisos. Ao Decanato da Facultade de Ciencias da Educación que ofreceu apoio e infraestruturas ao desenvolvemento da actividade, consolidando, unha vez máis, unha política de portas abertas e extensión universitaria. Ás e aos relatores que responderon con entusiasmo e dedicación ao noso convite. Ás e aos profesionais asistentes, moitas xa asiduas colaboradoras da Universidade na formación das futuras e futuros educadoras/es sociais a través da titoría do practicum; a vosa presenza fixo do debate unha mostra elocuente da praxe, de diálogo reflexivo

teórico-práctico. Ao alumnado que confiou na oferta que presentamos de maneira abrumadora, acadando o curso o maior rexistro de matrícula entre todos os ofertados na Universidade de Verán 2010 da Universidade de Santiago de Compostela.

O antedito reforza o estímulo do equipo de organizadoras para continuar afondando no estudo, investigación, formación e divulgación arredor da educación e a súa función prioritaria no marco das políticas de Benestar Social. O libro que presentamos cunha boa mostra dos relatorios desenvolvidos, ben significar a liña de enlace nesta acción que queremos permanente.

Moitas grazas.

Contextos de acción
socioeducativa en servicios
sociais

A intervención socioeducativa dos servizos sociais de atención primaria en centros escolares.

*Raquel Seijo Gómez⁴
Educadora Social*

O Centro Cívico Municipal de Labañou, forma parte da rede de centros cívicos (once en total) cós que conta o Concello da Coruña, como equipamentos básicos pertencentes ós servizos sociais de atención primaria. Está localizado na zona oeste da cidade, e é zona de influencia de aproximadamente 35.000 habitantes.

A área de influencia do centro cívico, caracterízase por ser maioritariamente zona urbana pero tamén conta con numerosos núcleos que se poden caracterizar como semirurais.

As características da poboación son moi diversas. Existe bastante poboación maior e demandante de servizos asistenciais, e, así mesmo, a zona do Agra do Orzán, concentra a unha porcentaxe moi elevada dos inmigrantes que viven na cidade con todo o que supón, como son dificultades có idioma, cá integración escolar, social ou laboral e cá regulación da súa situación. Engadindo que, en moitos casos, teñen que compartir unha mesma vivenda distintas unidades de convivencia e que descoñecen os recursos, as institucións, os seus dereitos e os seus deberes. E, tamén, existe un gran número de familias autóctonas con grandes problemas socioeducativos e económicos, que son obxecto da intervención desde os servizos sociais de base.

Todo isto implica unha grande diversidade nas necesidades e nas demandas presentadas.

O equipo técnico do Centro Cívico, está integrado por diversos perfís profesionais: educadoras sociais, traballadoras sociais, auxiliar administrativo e persoal de conserxería e limpeza.

Desenvólvense nel todos os programas que están activos no Departamento de Servizos Sociais do Concello: Información, Valoración e Orientación, Axuda a Domicilio, Aloxamento alternativo, Prevención e cooperación social, e Inserción Social.

Unha peculiaridade do Centro Cívico de Labañou, é que traballa conxunta e coordinadamente cás Técnicas da Asociación Comunitaria do Distrito Quinto, coa que está subscrito un convenio de colaboración dende o ano 1992, e que foi pioneira no desenvolvemento dun Plan Comunitario na cidade.

A intervención socioeducativa nos centros educativos da zona, CEIPs e IES, enmárcase dentro do Programa de Intervención Familiar, e como un dos piares do traballo comunitario que se desenvolve na zona. É dicir, que os nenos, as nenas e a xuventude que acude ós centro educativos, son os e as mesmas que van ao centro de saúde de zona, e os que están polas tardes no barrio xogando ou participando nas

⁴ Educadora social do centro cívico de Labañou. Servizos Sociais. Concello da Coruña.

actividades socioculturais que organizan as entidades da zona (asociacións, clubs deportivos,...) ou no centro cívico.

No traballo socioeducativo nos centros escolares o noso contacto de referencia é sempre o orientador/a do mesmo. Él/ela, será a canle de comunicación entre o que sucede no centro e nós.

Cando iniciamos o traballo nos centros educativos, atopámonos con moitas dificultades por parte do profesorado. Non entendían cal era a figura da educadora social, cales eran as tarefas dos servizos sociais de atención primaria e sentían que eramos unhas intrusas no seu terreo.

Foi fundamental, nestes tempos, o traballo dos Departamentos de Orientación, que explicaban nos claustros e persoalmente ó profesorado, cales eran as nosas funcións (detección de situacións de risco, intervención familiar, organización e derivación a actividades educativas e lúdicas...) e cales eran os casos explícitos da nosa intervención.

Có tempo, fomos creando un clima de traballo e colaboración no que os resultados obtidos foron moi satisfactorios, e progresivamente o colectivo docente entendeu a nosa figura e, na actualidade, demanda explicitamente a nosa intervención.

Os casos cós que traballamos, e que chegan tanto ós servizos sociais coma ós centros educativos, presentan demandas que teñen como base o núcleo familiar e que son a expresión de necesidades e/ou dificultades que teñen que ser resoltas. En ocasións establécense na familia dinámicas ou modelos de relación que son a causa de determinadas disfuncións que afectan ás unidades de convivencia ou a algún dos seus membros.

Traballamos con menores procedentes de familias en situación de necesidade e dificultade social, que carecen dos recursos e habilidades necesarias para facer fronte ás crises nas que se atopan. Entendendo que a dificultade social a xeran aquelas situacións que pola súa gravidade, duración ou intensidade sobrepasan a capacidade de resposta e adaptación das familias que a están vivindo.

A grandes trazos, algunhas das dificultades máis frecuentes coas que nos encontramos nas intervencións son:

- Dificultades dalgún dos membros da dinámica familiar: deficiencias, inadaptacións e/ou trastornos de conduta; absentismo ou abandono escolar; desatención habitual dos e das menores por parte dos proxenitores; sobrecarga dalgúns membros da familia en funcións domésticas, educativas, afectivas, etc., con respecto ó resto dos membros; maternidade ou paternidade temperá; ou crises derivadas dun cambio no ciclo vital da familia.
- Dificultades xeradas na dinámica familiar: alteración na estrutura familiar que provoca desaxustes emocionais e relacionais entre os seus membros – separacións, divorcios, proxenitores en idade avanzada, familias monomarentais, familias prematuras ou numerosas– ; alteracións na

dinámica familiar –relacións de parella ou relacións pais fillos-; crises imprevistas (accidentes, falecementos, perda de traballo); ou ambigüidade na asunción dos distintos roles dentro da familia.

- Dificultades xeradas no contexto social no que se desenvolve a familia: graves carencias educativas con consecuencias negativas para o coidado dos membros da familia –educativos, sociais, afectivos, etc-; carencias económicas que impidan á familia atender as súas necesidades polos seus propios medios; ausencia de soporte social –familia extensa, amigos, veciños-, etc.
- Imposibilidades ou grave dificultade para a atención dos menores por incompatibilidade horaria (da escola, do traballo,...).
- Familias con problemáticas sociais (familiares, educativas, de saúde, etc.), que poñen en risco o desenvolvemento normalizado dalgún dos membros da unidade de convivencia.
- Familias que teñen entre os seus integrantes menores con problemas de integración e/ou adaptación, por falta de normas de comportamento, hábitos relacionais adecuados, etc.

Polo tanto fanse intervencións desde unha perspectiva global e integradora, nas que se traballa tanto individual como colectivamente en ámbitos como no educativo (tanto desde a educación formal como da non formal), no do desenvolvemento persoal, social e familiar, nos ámbitos da educación, do ocio e o tempo libre, da saúde ou da vivenda, en función das necesidades e/ou demandas da unidade de convivencia.

Polo tanto, como equipo interdisciplinar, o que pretendemos, tendo en conta a especificidade de cada caso, é a grandes trazos:

- Dotar ás familias das habilidades necesarias para que se convertan todos os seus membros nos protagonistas do seu propio cambio.
- Propoñerlles alternativas de cambio que modifiquen o problema ou a necesidade obxecto da intervención.
- Previr situacións de crises persoais e/ou familiares facilitando recursos e apoios que faciliten a autonomía persoal.
- Xestión e potenciación de recursos que posibiliten a permanencia do individuo ou da familia no seu medio habitual.
- Apoiar á familia, mediante o recurso adecuado, á súa necesidade.
- Crear canles de normalización na vida de cada un dos integrantes da unidade de convivencia.

Unha vez que a familia xa está incorporada no Programa de Familia, isto é unha vez que as educadoras sociais iniciamos a intervención, valóranse cales poden ser os niveis e as liñas de actuación con ela.

Cando fago referencia ao traballo por **niveis**, refírome o *nivel individual* (problemática de cada membro da unidade de convivencia), o *nivel grupal* (como funciona a familia, que rol ten asignado cada un, e que recursos están dispoñibles para permitir mellorar o funcionamento da unidade de convivencia, así como a integración social), e ao *nivel comunitario* (coñecer e coordinarse cós recursos máis próximos da comunidade).

E con respecto ás **liñas de actuación**, decantarémonos por unha *liña preventiva*, si pretendemos evitar máis desestruturacións e clarificar a desorganización no funcionamento familiar. Se pretendemos reparar carencias de información en diferentes áreas, ou facilitar recomendacións á familia para potenciar todos os seus niveis de atención, optaremos por unha *liña de actuación educativa*. E, finalmente, si o que se pretende é dar solucións ós conflitos expostos e que puideran levar á inadaptación social, seguiríamos unha *liña terapéutica*.

A forma de traballo que nos propoñemos, está baseada na fórmula de “TRABALLO CON”, e non “traballo sobre”. Así, establecemos compromisos escritos cós e cás usuarias dos seus proxectos, que poden ser individuais ou familiares en función da problemática. Nos proxectos especifícase o ámbito ou ámbitos concretos que se traballarán, e en base ás necesidades e ou demandas expostas, concretaranse os aspectos específicos de cada ámbito. Si o que se vai traballar está relacionado có ámbito educativo, consensúase có profesorado/orientador(a) os aspectos que deberán explicitarse no compromiso.

Algúns dos aspectos sobre os que maiormente se centra a intervención socioeducativa, en función do ámbito sobre o que se estea a traballar son:

- No **ámbito educativo**: cumprimento da escolarización obrigatoria, control da asistencia/absentismo, incremento do nivel formativo, dispoñibilidade de material escolar, van vestidos con roupa adecuada á época do ano, implicación das familias no eido escolar.
- No **ámbito sanitario**: seguimentos de tratamentos (en drogodependencias, en saúde mental –infantil e adulta–), planificación familiar...
- No **ámbito da vivenda**: se se dispón dos servizos e equipamentos básicos, a organización dos espazos e a organización económica.
- No **ámbito do desenvolvemento persoal, familiar e social**: ocupación do tempo libre, participación na escola, na comunidades.
- No **ámbito prelaboral e laboral**: información, derivación e coordinación de actuacións con equipos especializados: Servizo Municipal de Emprego, Unidade de Atención a Migracións, e outros.

Polo tanto, o proceso de intervención no Programa de Familia, ven por unha implicación da familia na identificación e localización das dificultades e recursos cós que conta. Definido cal é a necesidade, xerarquizaranse, de maneira consensuada, as necesidades e analizarase o modo no que se poidan satisfacer.

E, chegado a este punto, programarase segundo as necesidades individuais e da unidade de convivencia, sendo o rol da educadora de apoio á unidade de convivencia

no proceso, de orientación sobre recursos sociais que precise e onde poder acadalos, e de establecemento dun plan de acción para enfrontarse ó problema e mellorar a situación familiar. Neste senso, refórzanse os puntos fortes e as potencialidades, tentando desenvolver estratexias que faciliten a implicación e a participación dos membros da familia.

O modelo de intervención de referencia, é un modelo de intervención sistémico, onde a base do mesmo é a coordinación multi e interdisciplinar. Iníciase cunha primeira entrevista, que en ocasións complementase cunha visita a domicilio. A partires de aquí, elabórase cós membros da familia que corresponda, un plan de intervención, adquirindo cada un dos membros os seus respectivos compromisos.

A avaliación e seguimento dos casos, teñen unha periodicidade aproximada de dous ou tres meses, sempre e cando non se valore un seguimento máis continuado en función da situación. En ocasións, hai que modificar as tarefas ou compromisos iniciais adquiridos polos usuarios no proxecto de intervención, pero do que se trata é de que eles se sintan protagonistas do seu propio cambio, e non sintan que o que fan é porque alguén alleo as súas vidas llo impón.

E xa para rematar con esta análise do traballo, farei referencia á liña na que creo que teremos que traballar nos próximos tempos, tendo en conta os resultados obtidos do último diagnóstico comunitario elaborado na zona:

- Coas familias é necesario articular actividades e accións para a conciliación da vida familiar e laboral.
- Actividades para menores, dentro da educación non formal, que reforcen a adquisición de habilidades sociais e persoais para a superación das dificultades coas que se poidan atopar os nenos e nenas, e tamén os mozos e mozas, no ámbito académico, favorecendo deste xeito, o seu proceso de desenvolvemento e integración social.
- Reforzar e formalizar os procesos e canles de comunicación e coordinación entre entidades e organismos con competencias en relación cós menores.
- Intensificar o apoio ás familias inmigrantes.
- Establecemento de itinerarios persoalizados de inserción social e laboral para os mozos e mozas que xa están fora do sistema educativo.
- Propostas que favorezan a adquisición ou mellora de habilidades persoais e sociais.
- A colaboración, no caso dos emigrantes, entre asociacións e entidades que realizan accións dirixidas a este colectivo.
- Facilitarlles, ás persoas con discapacidade, a participación nas actividades do centro, e na atención e resposta a situacións de dependencia.

É este o resumo do traballo que desenvolvemos e das pautas de actuación nas que tentaremos traballar nos vindeiros anos, có fin último de tentar que todos e todas vivan coa mellor calidade de vida posible.

Espazos de comunicación nos Servizos Sociais.

Susana López Bogo⁵
Pedagoga

"O bombardeo informático... tennos rodeado dun ruído de fondo que nos impide pensar, dialogar e que as persoas se encontren fronte a fronte". José Saramago (1997).

Proxecto de Información e Sensibilización

O programa de Información e a sensibilización comunitaria, é unha prestación básica que ven a constituír un conxunto de medidas que facilitan á comunidade o coñecemento e o acceso aos recursos sociais, así como a potenciación dos seus recursos persoais, a través dunha relación de axuda profesional, co obxecto de garantir os seus dereitos sociais.

A través desta prestación e para unha maior eficacia e calidade, chégase á poboación de dúas maneiras, de maneira COMUNITARIA, a través deste proxecto de Información e sensibilización comunitaria e, de xeito INDIVIDUAL a través do Servizo de información social personalizado

Isto supón cumprir cos principios do sistema galego de servizos sociais, chegando a toda a poboación de todas as idades, estimulando a acción comunitaria e a participación social.

- Información a toda a cidadanía para facer efectiva a igualdade de oportunidades de todas as persoas aos recursos sociais (Principios de Universalidade e, Igualdade e Equidade).
- Prevención ante situacións de carencias ou dificultades que precisan apoio nos procesos individuais e grupais (Principios de Prevención, Acción integral personalizada e autonomía persoal).
- Promoción da participación das persoas usuarias, das familias ou colectivos atendendo a criterios democráticos.
- Xestión ben planificada dos servizos sociais e optimización dos recursos en base a súa axeitada utilización (Principio de Economía, eficacia e eficiencia e Planificación).
- Actuación coordinada coas demais administracións públicas e descentralizada próxima á cidadanía (Descentralización, Proximidade e Principio de Coordinación).
- Detección de novas necesidades sociais como requisito imprescindible para xerar recursos e avaliación da calidade persoal (Avaliación e calidade).

⁵ Pedagoga do centro de Servizos Sociais Comunitarios. Concello de Culleredo.

- Fomento de valores solidarios (Principio de solidariedade).

O marco legal no programa de información e sensibilización comunitaria

A) Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.

Este servizo social comunitario básico, de información e orientación social, xa viñarecoñecido pola anterior Lei 4/93, lei galega de servizos sociais, e contéplase igualmente na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia na que recolle no seu artigo 3 relativo aos obxectivos dos sistema galego de servizos sociais, que refire entre outros aos obxectivos de:

- “Promover e dinamizar a participación comunitaria na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora de cohesión social” (artigo 3.g).
- “Sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade integración na sociedade galega” (artigo 3.j).

Asemade, responde tamén a obxectivos facilitadores dos recursos sociais que teñen por fin dar alternativas a persoas en risco de exclusión social, a obxectivos que pretenden unha maior dinamización e participación comunitaria, os que garanten igualdade de oportunidades de xénero e entre colectivos con inferioridade de recursos e, en definitiva, aos obxectivos de servizos sociais encamiñados a “promover e garantir o dereito universal da cidadanía ao acceso aos servizos sociais” (artigo 3.k).

O Proxecto de “Información e sensibilización comunitaria” xustifícase na medida de que para que os servizos sociais sexan efectivos, operativos e constitúan un dereito garantido para os cidadáns, teñen que DESCENTRALIZARSE e UNIVERSALIZARSE, Neste senso, un conxunto de medidas de información comunitaria: servizo de divulgación social e de medidas no eido da sensibilización social tentarán dar resposta as seguintes necesidades:

- Información insuficiente ou pouco axeitada para facer efectiva a igualdade de oportunidades de todas as persoas.
- Situacións de carencias ou dificultades que precisan apoio e acompañamento nos procesos individuais e grupais.
- Acceso aos recursos que ofrece a contorna.
- Optimización dos recursos en base a súa axeitada utilización.
- Detección de novas necesidades sociais como requisito imprescindible para xerar recursos.
- Canalización dos sentimentos de solidariedade.

B) Lei 4/1993, do 14 de abril, lei galega de servizos sociais.

Esta norma no seu artigo 5º.3 contempla como área de actuación propia dos servizos sociais, entre outras, “a comunidade”.

A norma estipula tamén como un dos obxectivos xerais dos servizos sociais de atención primaria e reflexado no seu artigo 7º.2 o seguinte: “A información, orientación e asesoramento aos cidadáns sobre os seus dereitos sociais e os procedementos para o seu exercicio, así como, se é o caso, a intermediación necesaria para que sexan efectivos”.

No artigo 8º regula: “para o seu cumprimento, os servizos sociais de atención primaria organizarán a súa actividade mediante o deseño, a execución e a avaliación de proxectos de traballo social que desenvolvan os seguintes programas básicos:

1. Programa de orientación, asesoramento e información sobre recursos e posibilidades de superación das situacións de carencias de individuos, de grupos ou da comunidade”...

C) O *Decreto 240/1995*, que desenvolve esta lei no referente aos servizos sociais de atención primaria volve a recoller e definir esta mesma prestación.

D) O *Plan Concertado para a prestacións de Servizos Sociais* defíneo tamén como un dos programas básicos e como a porta de entrada ao sistema público o de información e orientación social.

Obxectivos específicos a conquistar

Xa que logo, en base á normativa vixente e ao contexto social no que nos movemos, habemos ter presentes os obxectivos do noso “**espazo da vida cotiá**” que podemos resumir en:

- Manter permanentemente informada ao conxunto da poboación sobre os recursos sociais aos que poden ter acceso.
- Facilitar o acceso á información en igualdade de oportunidades con especial adicación a aqueles sectores de poboación que presenten impedimentos concretos para acceder aos recursos sociais.
- Elaborar, divulgar e difundir a información sobre prestacións sociais e aspectos de prevención, municipais ou doutra índole, dirixidos á comunidade en xeral ou a colectivos diana mediante a utilización dos canais de comunicación máis axeitados para cada contido divulgativo.
- Sensibilizar á comunidade de Culleredo sobre as necesidades e realidades sociais dos seus conveciños/as, así como as que poidan estar a sufrir outros colectivos máis alá das fronteiras municipais.

A comunicación na información dos recursos sociais

O servizo de divulgación social consiste nun conxunto de accións tendentes a transmisión da información á comunidade cullerdense para garantirlle o coñecemento dos recursos sociais sobre prestacións e aspectos preventivos e de solidariedade aos que poden acceder.

A información a transmitir vai máis aló das prestacións municipais, contempla tamén a oferta de recursos sociais de organismos supramunicipais, da iniciativa social e incluso da iniciativa privada ligada a prestación de servizos sociais.

As accións comprenden a utilización dun amplo abano de medios: gráficos, audiovisuais, radiofónicos, medios de comunicación, páxinas web.... En definitiva, todos aqueles mecanismos que permitan a achega de información polos canles máis habituais ou outros máis innovadores aínda poñéndose en marcha (Blogs...).

Pártese tamén dun principio de descentralización no senso de achegar a información á poboación preto de onde esta se atopa. Para isto, establécese un circuíto que parte da parroquia como a unidade territorial máis propicia para a achega de información.

Outra das premisas ou das políticas deste proxecto é a de dar cabida a todos aqueles axentes sociais que necesiten apoios para a divulgación social da súa oferta e sexa de interese xeral a mesma. A estes invítaselles a utilizar os mecanismos postos en funcionamento desde este servizo: publicacións propias, espazos radiofónicos, edición de guías e dípticos, disposición da información en taboleiros municipais...

Con estas accións dáse cumprimento, tanto a área de actuación como a prestación de información e orientación social recollida na Lei galega de servizos sociais. Contémplanse como colectivos diana aqueles que aparecen como áreas de actuación na lei galega de servizos sociais:

- Infancia
- Maiores
- Familia
- Mocidade
- Muller
- Drogodependentes
- Diversidade Funcional
- Minorías étnicas
- Migrantes

Acceso da información a divulgar:

Vías de acceso:

- Vía técnica: dende o propio servizo de divulgación
- Vía política: alcaldía, concellaría.
- Vía Social: redes sociais, páxina Web e entidades asociativas
- Xornais. Taboleiros informativos, material gráfico ...

Proceso de selección da información:

Valoración segundo variables:

- Interese xeral
- Problemática emerxente
- Interese para a captación de usuarios/as para actividades propias

Elección dos medios-canais para a difusión:

Valoración segundo variables:

- Dirixida a toda a comunidade
- Existe poboación diana específica

Canais-medios:

- Medios gráficos/audiovisuais de edición propia.
- Medios gráficos/audiovisuais locais ou autonómicos.
- Mailings a poboación diana.

A comunicación no espazo da sensibilización comunitaria

Historicamente aos servizos sociais se lles atribúe o papel de espertar e canalizar os sentimentos de solidariedade da poboación. Para provocar eses sentimentos, toda a cidadanía debe cando menos, estar informada e sensibilizada sobre as distintas problemáticas sociais que afectan a súa comunidade, teñen que coñecerlas e teñen que saber cal pode ser a súa achega para solucionar ou aminorar a discriminación e a inxustiza social.

Este subproxecto ten como finalidade facer que a comunidade estea o máis sensibilizada posible e sexa cada vez máis solidaria.

Para elo, o proxecto contempla un conxunto de accións de sensibilización para que, con formatos diferentes: campañas, xornadas, charlas, encontros, etc. e a utilización de técnicas de márketing social, sexamos capaces de achegarnos á poboación ou a colectivos diana co obxecto de sensibilizalos e facelos partícipes de accións solidarias.

Aínda que a sensibilización é un contido de carácter transversal nun centro de servizos sociais, no senso de que todos os programas ou servizos necesitan das ferramentas da sensibilización comunitaria, a súa vinculación coa información fai que este proxecto se ubique dentro do programa 1 de "Información e orientación social" a efectos técnico-organizativos. É evidente que para sensibilizarmos a poboación é imprescindible que esta estea informada nun primeiro momento.

Localización e puntos de desenvolvemento das accións de sensibilización:

- Puntos de sensibilización dos centros dos servizos sociais municipais e edificios municipais.

- Puntos de sensibilización nos centros sociais de cada parroquia, nas asociacións locais e edificios públicos.
- Puntos de sensibilización no comercio e empresariado local.
- Calquera outro punto que se achegue a poboación en xeral ou a colectivos diana concreto.
- Sensibilización na rúa.

Procedemento de sensibilización social

Toma de decisión sobre a acción de sensibilización a desenvolver

- Vías de acceso das propostas:
Dirección do Centro, responsables de programas, servizos e proxectos do Centro, Internet ou prensa, vía política: alcaldía, concellaría, Vía propia: Responsable do subproxecto de sensibilización.
- Toma de decisión:
Valoración da idea: interese xeral, problemática de usuarios/as, tema emerxente e de actualidade.
Elevación da primeira proposta para o visto bo de xefatura e concellaría.

Proceso de selección das actividades da acción a desenvolver:

Variables a ter en conta:

- Disponibilidade orzamentaria e de recursos.
- Existen ou non colectivos diana.
- Deseño da proposta de campaña.

Elección das técnicas de marketing social e formatos máis axeitadas para o desenvolvemento da campaña:

Existe poboación diana específica:

- Formatos de foros debate.
- Presentacións de informes, publicacións.
- Exposicións sobre contidos de sensibilización.
- Marketing social na rúa ou centros comerciais ou empresariais.
- Edición e distribución de materiais gráficos e de sensibilización.
- Utilización de medios de comunicación formais e non formais: radio, redes sociais...

Implementación da acción de sensibilización

ACCIÓNS do proxecto de sensibilización comunitaria:

- Acción 1 : Campaña de sensibilización comunitaria sobre recursos da Área de Benestar.
- Acción 2: Sensibilización comunitaria permanente sobre colectivos específicos.
- Acción 3. Campaña de sensibilización comunitaria na solidariedade.
- Acción 4: Campaña de sensibilización social no Voluntariado.

As TIC, Tecnoloxías da Información e da Comunicación. A importancia do papel do/a profesional Social.

“Ás sociedades ás cales se lles nega o diálogo e a comunicación e, no eu lugar, se lles ofrecen “comunicados”, fanse preponderantemente mudas” Paulo Freire.

Tamén o contexto dos servizos sociais está a vivir a era Internet e da brecha dixital: aparecen as TICs dunha maneira case imperceptibel até que nos damos conta que están aí, que son irreversibéis, incuestionabéis e que sen elas os nosos obxectivos comunicativos vense claramente mermados e corren o risco de non verse cumpridos, co uso dunha maioría cada vez mais ampla da cidadanía. O seu uso está cada vez mais integrado e xa non só entre os sectores mais xóvenes.

Dende a administración, observamos dun xeito directo e cuantitativo en cada actividade que desenvolvemos, en cada recurso social que queremos achegar á poboación como non abonda cos sistemas ata agora válidos par dalos a coñecer ou convidar á participación social dos veciños e veciñas.

Hoxe en día calquera persoa activa sabe que as xanelas do acceso ao mercado laboral, ás alternativas de ocio, de xestión dos medios de transporte, do sistema sanitario, bancario, da oferta cultural, etc están na súa casa a través dunha pantalla do seu ordenador e dende esta pódese optar a calquera delas. E como é lóxico tamén as dos recursos sociais.

Obviamente estes novos canles como é a vía telemática supoñen un grande aforro de tempo, de burocracia, un horario flexible e facilitan enormemente a xestión administrativa inevitable na nosa vida cotiá... As TIC configuran a sociedade da información e teñen un impacto social tan grande que neste momento prescindir delas mesmo equivalería a inquebrantar principios como eficacia, eficiencia ou celeridade que debe cumprir a administración.

Dende os medios de comunicación tradicionais como o teléfono, o fax, os xornais a radio ou tv ate a informática, a comunicación dixital, as redes sociais e calquera medio das últimas tecnoloxías; todas son ferramentas coas que compre contar cara aumentar as posibilidades de desenvolvemento social.

Porén ningunha destas ferramentas tecnolóxicas podería ser considerada válida no eido do social se non sérvese para chegar realmente á xente, ás persoas ás que van dirixidas. As TICs que empreguemos deberán por forza interactuar, estar ao servizo das persoas e deberán ser facilitadoras de cambios, de toma de decisións nas súas vidas, sempre encamiñadas a procurarlles cada vez un maior benestar.

Todos estes apuntes condúcenos á idea de considerar á sociedade a quen pretendemos manter informada, como “sociedade de aprendizaxe” e xa ao falar de aprendizaxe ninguén dubida que é o/a educador/a, o/a pedagogo/a é a persoa experta na materia. Xa que logo, sen a axuda do/a profesional da educación detrás dos fíos da información-comunicación, tecendo, enfiando e axustando para que esa información se axeite a cada quen.

Hai que saber a maneira de acadar que cada acción concreta que se desenvolva poida beneficiar ao colectivo específico (coas súas necesidades, intereses...) e de deseñar a idea de transmisión da mensaxe en función do QUE, do A QUEN, do CANDO, do COMO e do POR QUE ..dende a utilización da sintaxe, dos elementos visuais, do tipo de formato ... todos estes aspectos a ter en conta son os que só un/unha profesional con coñecementos, con formación na educación social pode elaborar as estratexias e metodoloxía capaz de comunicar, por unha banda os recursos que se ofrecen, e pola outra recoller as inquiredanzas, necesidades que demandan e se obteñen de cada grupo. E así, con esta ida e volta, este feed-back, optimizaríase o acceso á información dos recursos sociais neste contexto.

Mais o mundo da comunicación evoluciona a unha velocidade mas alta do que medra a nosa capacidade de actuar, de mercar, de aprender... xurdindo eivas que hai que ir contemplando á hora da planificación e financiación dos recursos sociais. E se ben é verdade que cada vez é mais común entre a poboación, que dispoñan de sistemas informáticos, sistemas de banda ancha para conexión a internet, pantallas planas, telefonía móbil con imaxe e conexión a internet, multimedia, etc, etc. tamén é verdade que se nos propoñemos achegar o benestar a toda a poboación habemos de deseñar accións que favorezan o acceso a esta información:

- Formación permanente e especialización en TICs do persoal técnico cara unha eficacia na xestión da información.
- Alfabetización nas TIC da cidadanía facilitadora da participación social e facilitar espazos públicos de utilización das mesmas.
- Desmitificación de que as TIC son unha panacea ou substitutivas de persoas.
- Difusión da regulamentación, decálogos éticos ou manuais de boas prácticas.

O uso público, axeitado e controlado das tecnoloxías facilita a información dos recursos sociais e contribúe á igualdade de oportunidades evitando diferencias entre os sectores menos favorecidos. É un reto poñer a disposición de toda a cidadanía toda a información se realmente cremos na igualdade social, mais compre que teñamos presente en todo o proceso de desenvolvemento de calquera proxecto que

é o profesional especializado/a quen debe controlar e axeitar esa información dende a administración á cidadanía e viceversa; xamais as tecnoloxía substituirán ás persoas na transmisión da información, na xestión dos recursos e na sensibilización das realidades que desexamos incidir; as ferramentas tecnolóxicas son un complemento incuestionable pero nunca substitutivas dos recursos humanos; e só contando con profesionais especializados que as dirixan atendendo a criterios sociopedagóxicos entre outros, garantiremos un traballo ben encamiñado a esa meta que é o benestar social.

Experiencias de medidas xudiciais en medio aberto.

Duarte Crestar Pena⁶
Educador social e pedagogo

A modo de breve introdución, facemos referencia ás medidas xudiciais en medio aberto.

1) Tratamento Ambulatorio:

As persoas sometidas a esta medida deberán asistir ao centro designado coa periodicidade requirida polos facultativos que as atendan e seguir as pautas fixadas para o adecuado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adición ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que padezan.

Como criterios de intervención figuran:

- A intervención realizarase a través dos recursos da rede sanitaria (Unidades de Saúde Mental, Unidades Asistenciais de Drogodependencias, Unidades de Día...) máis próximos ao domicilio da/o menor.
- Acompañamento e orientación da/do menor durante todo o proceso do tratamento.
- Mantemento de contacto directo coa familia da/do menor para que se implique e o apoie positivamente, tanto no plano afectivo como na asistencia ao recurso.
- Mantemento de entrevistas periódicas cos responsables do tratamento para valorar a adecuación do recurso.
- Seguimento de todo o proceso da/do menor, colaborando con el para que sexa o máis efectivo posible.

2) Tarefas socioeducativas:

A persoa sometida a esta medida realizará actividades específicas de contido educativo encamiñadas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social. A realización destas tarefas terá sempre como finalidade o desenvolvemento de actividades específicas de contido educativo dirixidas a facilitar a competencia social da/do menor.

Esta medida pode supoñer a participación e a asistencia da/do menor a calquera programa dos moitos que poden existir ou deseñarse nos diferentes ámbitos: educativo, formativo, de habilidades sociais, laboral, etc, sempre que se adapten ás características e necesidades do mesmo. Así, entre outros:

⁶ Director do C.I.E.M.M.A. Fundación Camiña Social.

- Programas de habilidades sociais.
- Programas de seguridade viaria.
- Programas de alfabetización.
- Programas de prevención de consumo de drogas.
- Programas de formación e busca de emprego.
- Programas de educación compensatoria.
- Programas de axuda psicolóxica e autoapoio.

3) Asistencia a Centro de Día:

As persoas sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán a un centro, incluído na rede de servizos sociais da Comunidade Autónoma, plenamente integrado na comunidade, a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio.

Como criterios de intervención figuran:

- Designación do centro de día máis axeitado, entre os máis próximos ao domicilio da/do menor, no que haxa prazas dispoñibles e que estea incluído na rede de servizos sociais.
- Diagnóstico das carencias persoais, formativas e sociais que presenta a/o menor para adecuar un programa de desenvolvemento individualizado.
- Oferta de determinados tipos de resposta, en función das carencias da/do menor.
- Respetar á situación e horario escolar da/o menor, se está en período de ensinanza básica obrigatoria, e, na medida do posible, respectar a súa actividade laboral no caso de que se atope nesta situación.

4) Permanencia de fin de semana en domicilio:

As persoas sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ata un máximo de trinta e seis horas entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, a excepción, no seu caso, do tempo que deban dedicar ás tarefas socio-educativas asignadas pola/polo xuíz que deban levarse a cabo fóra do lugar de permanencia.

5) Liberdade Vixiada:

Nesta medida farase un seguimento da actividade da persoa sometida á mesma e da súa asistencia á escola, ao centro de formación profesional ou ao lugar de traballo, segundo os casos, procurando axudar a aquela a superar os factores que determinaron a infracción cometida. Así mesmo, esta medida obriga, no seu caso, a seguir as pautas socio-educativas que sinale a entidade pública ou a/o profesional

encargada/o do seu seguimento, de acordo co programa de intervención elaborado ao efecto e aprobado pola/polo xuíz de menores. A persoa sometida á medida tamén queda obrigada a manter con dita/o profesional as entrevistas establecidas no programa e a cumprir, no seu caso, as regras de conduta impostas pola/polo xuíz.

Como criterios de intervención salientamos:

- Levarase a cabo no contorno social da/do menor e coa utilización das redes comunitarias, favorecendo os vínculos sociais e familiares, así como a súa participación nas entidades sociais.
- O programa educativo de intervención basearase nas capacidades e potencialidades da/do menor, co obxecto de intentar corrixir aquelas lagoas deficitarias nos ámbitos persoal, familiar, social, educativo ou laboral.
- A intervención a realizar considerará á/ao menor na súa totalidade e como un ser integral.
- Na súa intervención poderanse ofertar determinados tipos de respostas: respostas de mediación nas que a/o menor se implique de forma voluntaria e responsable na resolución dos seus conflitos; respostas de orientación e relación de axuda, entendidas como axudas técnicas para superar os seus conflitos, e respostas de formación e aprendizaxe en competencia social, optimizando a adquisición de habilidades básicas e prácticas, de incorporar contidos informativos e de adoptar novas estratexias de coñecementos e de accións.

6) Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo:

Aos efectos que nos interesan aquí, e para non estendernos en exceso, indicar que globalmente a nivel de intervención socioeducativa se podería equiparar á Liberdade Vixiada, tendo como particularidade que durante o tempo de cumprimento de medida xudicial, a persoa sometida á mesma debe convivir en núcleo distinto ao habitual, que podería responder a calquera das tres modalidades referidas.

7) Prestacións en Beneficio da Comunidade:

A persoa sometida a esta medida realizará as actividades non retribuídas que se lle indiquen, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade. Trátase de actividades de utilidade pública, con interese social e valor educativo, non estando supeditadas ao logro de intereses económicos. Deste modo, o recoñecemento dos feitos pola/o menor implica a responsabilización das súas propias accións e o compromiso voluntario de compensar o dano causado mediante a prestación a realizar.

Repasando a normativa que rexe este tipo de actuacións socio-educativas, encontramos que a letra f) do art. 6 do Regulamento da Lei Orgánica 5/2000 establece, como principio inspirador da execución de medidas xudiciais, a prioridade das actuacións na propia contorna familiar e social, sempre que non sexa prexudicial para o interese do menor. Así mesmo, continúa, na execución das medidas utilizaranse preferentemente os recursos normalizados do ámbito comunitario. Na letra j) enuncia a coordinación de actuacións e colaboración cos demais organismos da propia ou de diferente Administración, que interveñan con menores ou mozos.

Hai nesta vocación comunitaria un esforzo por adoptar un principio que se foi facendo forte entre as regras que establecen programas eficaces en reeducación xuvenil: a potencialidade do escenario. Este principio, a moi grandes trazos, ven indicar que as intervencións baseadas na comunidade adoitan ser máis efectivas que as desenvolvidas en centros penitenciarios ou institucións.

Os programas, prestacións e equipamentos dos servizos sociais que interveñen con maior frecuencia nas medidas xudiciais de medio aberto son estes:

- educación familiar.
- identificación de recursos e, en ocasións, xestión de actuacións de prestación de servizos á comunidade.
- centros socio-comunitarios.
- cursos e actividades formativas.
- cesión de instalacións.

Dito isto, a cuestión que se nos suxire é que caracteriza a intervención socioeducativa no marco dos servizos sociais. Salientaría os seguintes aspectos:

- Pola súa natureza sancionadora-educativa é de obrigado cumprimento para a persoa sobre a que recae, seguindo o que se marque no programa de intervención aprobado polo xulgado competente. Comporta, por tanto, unha serie de obrigas para ela, que resultan ineludibles e que, sometidas a tutela xudicial, de seren desatendidas poden dar lugar a quebrantamento de medida. Fronte a outras actuacións por parte dos servizos sociais, principalmente os que traballan con adolescentes en situación de risco social, unha parte da adhesión á mesma por parte do suxeito ven propiciada por esa natureza xudicial, por moito que en ocasións non chegue a ser máis que unha adhesión de carácter primario.
- Por esa mesma razón, depende dun procedemento xudicial previo que, en definitiva, representa unha demora na realización da intervención, que fai que teña que ser desenvolvida habitualmente en diferido, respecto ao conflito que derivou en apertura de expediente.
- Obedece a unha encomenda institucional determinada e sometida a certas rixideces que impón esa natureza xudicial da intervención. Así pois, e aínda que a propia Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores efectivamente prevé múltiples fórmulas para aliviar en beneficio do menor

esa rixidez, o certo é que a norma ven sendo que as máis das intervencións realizadas en medio aberto non representan, en liñas xerais, máis que a aplicación mecánica de decisións contidas na sentenza xudicial, decisións algunhas delas tomadas cando a situación do menor non necesariamente era a mesma que a que presenta no momento de cumprir medida. Ademais ten unha duración predeterminada que non necesariamente se axusta ao tempo estimado de intervención.

Entramos nunha segunda cuestión, en relación a condicións e requirimentos para desenvolver unha acción socio-educativa de calidade en medio aberto.

Respecto a isto lembraría, seguindo os traballos de Andrews⁷, nos que trata de fixar elementos de éxito nas actuacións en materia de reeducación, dous principios. Un primeiro sería o de capacidade de resposta xeral, que ven sinalando a conveniencia de emparellar os servizos ou actividades do programa aos estilos de aprendizaxe, ás capacidades máis ás motivacións dos suxeitos, coidando que as relacións interpersoais que se produzan resulten ricas. O segundo principio, de natureza semellante, sería o de capacidade de resposta específico, determinado segundo as intervencións se axusten ás características específicas dos suxeitos en termos de etnia, idade, xénero, lingua, e de acordo aos recursos e/ou factores de protección que presenten.

Atopámonos aínda nunha fase inicial de participación e colaboración dos servizos sociais nas actuacións de medio aberto. En xeral hai boa ou moi boa disposición por parte dos profesionais ás demandas que se lles trasladan pero a situación lograda dista moito do enunciado no parágrafo anterior. Hai quen o expresa do seguinte xeito: dun modelo conectado, no que efectivamente se produce transvase de información pero non cristaliza un protocolo unificado; no que se seguen certas pautas comúns, pero non hai unha auténtica complementariedade, viría ben camiñar cara un modelo integrado, con instrumentos e métodos de traballo distintos, pero compartindo un mesmo protocolo de intervención.

Establécense contactos entre os equipos de execución e os servizos sociais para explorar sobre actuacións realizadas, en ocasións celébranse reunións, fundamentalmente, para intercambiar información sobre casos e indagar potenciais recursos e, máis excepcionalmente, adóptanse pautas ou criterios de coordinación e seguimento de actuacións. Os aludidos principios de eficacia parece que reclaman unha maior integración probablemente desde os niveis de planificación e deseño dos propios servizos sociais ata a propia intervención técnica individualizada.

⁷ Andrews, D.A, (2001). Principles of effective correctional programs. In LL Motiuk & RC Serin (Eds.), *Compendium 2000 on effective correctional programming* (pp. 9-17). Ottawa: Correctional Services of Canada.

O teatro como ferramenta de ação socioeducativa

Obradoiro de Teatro do Oprimido: a arte da participação.

*Hugo Cruz e Susana Madeira*⁸

“Raramente tanto como com Augusto Boal, e o seu Teatro do Oprimido cujo nome ele soube manter bem vivo, o ser humano terá estado no coração de uma prática artística”. Jack Lang, Ex- Ministro da Cultura da França.

O Teatro do Oprimido

O Teatro do Oprimido integra-se no movimento mais amplo do teatro popular considerando-se como uma estratégia de educação não formal que promove o desenvolvimento, a criação artística e o acesso à cultura pelas comunidades.

Este método teatral sistematiza exercícios, jogos e técnicas teatrais com o objectivo da desmecanização física e intelectual dos participantes permitindo o “ensaio” de alternativas para a resolução de situações da vida quotidiana.

Tem como objectivo estimular a discussão e a problematização das situações da realidade numa lógica de reflexão sobre as relações de poder que caracterizam as interacções humanas (Boal, 1977). Para este método teatral é fundamental desocultar as relações humanas desequilibradas, em que uma das partes exerce poder de forma continuada sobre a outra, no sentido do oprimido ensaiar estratégias de libertação de determinada opressão de que é alvo.

É importante contextualizar as opressões sentidas pelos indivíduos, isto é, elas não são exclusivamente individuais, existem e têm determinado sentido num contexto social, cultural e político, por isso Boal (1977) refere que não há opressores e oprimidos universais, a situação é que define a opressão e não a pessoa.

O Teatro do Oprimido procura criar condições práticas para que o indivíduo se aproprie dos meios de produzir teatro, ampliando as suas possibilidades de expressão. Uma característica fundamental do Teatro do Oprimido é a possibilidade de estabelecer uma comunicação directa, activa e participada entre espectadores e actores. Boal fala da noção de “spect-actor”, o indivíduo que alterna entre os papéis de espectador da acção e de actor dessa mesma acção. “O debate, conflito de ideias, dialéctica, argumentação e contra-argumentação – tudo isso estimula, aquece, enriquece, prepara para agir na vida real” (Boal, 2005). O “spect-actor” tem a possibilidade de ensaiar, treinar, exercitar, experimentar várias alternativas de acção e as suas possíveis consequências na vida real (Boal, 2005). Destacam-se assim as aprendizagens concretas como centrais, procurando dar resposta às necessidades identificadas pelos indivíduos e comunidades e deslocando o enfoque do *falar* para o experimentar *fazer*. É fundamentalmente na articulação entre acção e reflexão (na

⁸ Pele_Espaço de Contacto Social e Cultural. Núcleo Teatro do Oprimido do Porto (NTO-Porto). www.apele.org

alternância entre espectador e actor) que reside uma das mais-valias deste método. É intenção do Teatro do Oprimido estimular a criação de oportunidades de promoção do empoderamento dos seus participantes, estimulando a promoção do diálogo transformador.

No teatro-fórum, técnica mais utilizada deste método, é apresentado um problema concreto, através das personagens que entram em conflito, tendo em conta as suas motivações. Na procura dos seus objectivos o oprimido não consegue concretizá-los e os “espet-actores” são convidados a apresentar alternativas para os problemas identificados, através da substituição da personagem do oprimido. O Teatro-Fórum, e o processo da sua construção, pode permitir a criação de oportunidades de desenvolvimento do empoderamento psicológico e social através da transformação do espectador de um ser passivo e “depositário” num protagonista da acção, estimulando a reflexão não somente ancorada ao passado mas como aliada na preparação do futuro do indivíduo. Para que tal envolvimento aconteça é fundamental que se trabalhe com situações reais de vida que permitam fenómenos de identificação, reconhecimento e até ressonância, para que se crie a possibilidade de romper os limites entre a ficção e a realidade, a personagem e o indivíduo.

A metodologia e os contextos de vida quotidiana

O Teatro do Oprimido oferece um leque de técnicas que segundo os seus princípios promovem a desmontagem das dinâmicas e relações de poder instaladas nos contextos de vida quotidiana. Neste obradoiro iremos através de exercícios e técnicas desta metodologia experienciar um processo de identificação de situações que bloqueiam uma vivência dos contextos de vida de forma a potencializar o desenvolvimento humano. No seguimento de uma breve introdução teórica aos princípios de intervenção desta metodologia iremos proceder ao visionamento e análise de experiências práticas de Teatro do Oprimido desenvolvidas pelo NTO-Porto em variados contextos sócio-educativos.

Experiencias de teatro social nos servizos sociais.

Ramón Molina Gómez⁹

Educador social

A base teórica do teatro social xorde da *exportación* das teses de Augusto Boal que desenvolve o que se da en chamar o *Teatro do oprimido* apoiándose, entre outras na idea de que “**calquera pode facer teatro, incluso os actores e actrices**”.

Aceptar esta premisa, provoca unha presentación mental da realidade do teatro máis aberta e ampla que supera con creces unha imaxe exclusiva de creación, acto cultural, recurso lúdico ou carreira profesional, senón que tamén se pode entender como elemento de carácter terapéutico, axente de cambio social e transformador da realidade ou como instrumento socioeducativo.

A nivel social a imaxe que temos do teatro e da cultura en xeral, é habitualmente a dun ámbito elitista reservado aos especialistas, pero debemos de ter en conta que as linguaxes expresivas poden chegar a ser unha ferramenta que ofrece un amplo abano de posibilidades educativas, sempre e cando recoñezamos en cada persona, as súas potencialidades dentro do proceso xerado a través do teatro (axente creador de cultura, transmisor das súas propias ideas e necesidades, participante dun espazo de ocio plenamente satisfactorio en condicións de igualdade, etc.).

As e os profesionais “do social” temos no teatro unha ferramenta de gran potencial para o traballo individual e grupal cos colectivos destinatarios das accións e proxectos educativos que impulsamos, e non debemos de perder a oportunidade de mergullarnos na amaxia do teatro para empregala como instrumento socioeducativo da nosa acción profesional cotiá.

Os beneficios do teatro social

Cando falamos de teatro, este amósase como a excusa do noso traballo educativo e no seu proceso aparecen todos aqueles elementos beneficiosos que poden facilitar a nosa tarefa:

- **A creatividade:** O teatro social permite desenvolver no individuo o espazo necesario para desenvolver diferentes procesos creativos, e dar renda solta, á imaxinación e a capacidade de crear en aberto.
- **A motivación:** Dende a práctica teatral podemos xerar escenarios tremendamente motivantes para as persoas participantes, xa que, o grupo está plenamente empoderado no seu proceso creador e interpretativo, podendo sentir que as súas achegas reflíctense no proceso o cal resulta enormemente motivador.

⁹ Director técnico de Arelar Xestión Socioeducativa.

- **O traballo en equipo:** O grupo é o motor de funcionamento da dinámica e isto require unha aprendizaxe dunhas normas básicas na estruturación colectiva do traballo, o respecto entre as persoas, e a positivización de todos os roles o que favorece a cohesión grupal.
- **O crecemento persoal:** A partires da práctica teatral o individuo dende unha posición de partida determinada, pode afrontar os seus propios retos (interpretativos, emocionais, comunicacionais...), e polo tanto, crecer como persoa.
- **A mellora da autoestima:** Esta dimensión está estreitamente ligada a anterior, e non cabe a menor dúbida, de que a medida que a persoa se ve inmersa neste proceso de creación colectiva, e o seu rol resulta significativo na dinámica grupal, a súa autoestima verase reforzada positivamente.
- **A dimensión afectiva:** O potencial que garda a linguaxe expresiva no teatro, é o elemento esencial para resaltar as posibilidades que ofrece o traballo emocional a través do teatro. A partires das personaxes que creamos, a persoa vivencializa, expresa e xestiona en primeira persoa, emocións que doutro xeito ao mellor ten dificultades para canalizar. Ademais, dende o grupo, e cunha xestión axeitada, o feed-back emocional que se propicia a cada un dos integrantes do grupo, permite un crecemento emocional das persoas.

Se ollamos esta dinámica dende o prisma da persoa que vive o proceso teatral, podemos contemplar que o feito de interpretar un papel requírelle á persoa a capacidade de **ver as cousas con outra mirada diferente**, que probamos **respostas alternativas ás habituais**, experimentamos **novas formas de conduta e interacción**, e estamos a facer algo diferente ao que nos é propio, e todo isto dentro dunha dinámica de **respecto e traballo colectivo** cos compañeiros e compañeiras.

O dito até o de agora, refrenda a importancia do teatro social como proceso, resaltándose todas as súas potencialidades na acción socioeducativa, e deste xeito estamos a ver ao teatro como un medio para acadar os nosos fins educativos, e non nun fin en sí mesmo.

Pero esta visión “*de proceso*”, non debe de invisibilizar a trascendencia da representación (última etapa do proceso). Na representación, intentamos transmitir unha serie de mensaxes froito do proceso de creación colectiva xeradas polo grupo, que van dirixidas a un público, e que xeran un universo comunicativo (actor/actrices – público) tremendamente enriquecedor e que permite pechar o círculo máxico do teatro social. O público ten a capacidade de transmitir unha retroalimentación positiva, que conleva a enerxía suficiente para reiniciar outra vez o círculo máxico para o crecemento persoal, humano e interpretativo das persoas.

A representación é o espazo de visibilización, que xenera, sobre todo en determinados colectivos, un momento de recoñecemento para unhas persoas, que polo xeral, a sociedade non recoñece.

En definitiva, o teatro social, crea contextos para a intervención socioeducativa moi enriquecedores, e dependendo da intencionalidade do noso proxecto educativo (inserción social de colectivos desfavorecidos, mellora da dimensión emocional das persoas, estratexia para proxectos de desenvolvemento comunitario, etc.) poderemos incidir en maior ou menor medida nos procesos xenerados co grupo.

Un exemplo, do potencial do teatro social, vislúmbrase no proxecto de teatro social que dende Arelar Xestión Socioeducativa levamos a cabo na Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente (UMAD) de Santiago de Compostela.

O teatro Social no eido das drogodependencias

Dende o ano 2006 desenvolvemos na Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente (UMAD) de Santiago de Compostela un proxecto de teatro social situado no marco do programa socioeducativo que desenvolve a UMAD coa finalidade de favorecer os procesos de inserción social e laboral dos usuarios e usuarias, así como incidir na estruturación positiva do tempo de ocio das persoas participantes a través de diferentes actuacións.

Neste contexto, xorde un interese por explorar o potencial do teatro social como ferramenta para o traballo cos usuarios e usuarias do centro, tendo en conta unha serie de características do colectivo destinatario (dificultade para sistematizar a asistencia semanal a unha actividade de xeito constante, o posible ingreso en comunidades terapéuticas, a consecución de procesos de inserción laboral satisfactorios, o estado anímico e emocional fluctuante dalgunhas persoas...), e que marcan un escenario cambiante e flexible.

O nacemento do proxecto fundaméntase na pretensión de empregar o teatro como instrumento de traballo socioeducativo, na procura de beneficios a nivel actitudinal e comportamental dos usuarios e usuarias implicados no proxecto, tendo presente este escenario fluctuante.

Por iso, aínda que o fin da proposta visualízase nunha representación escénica, esta adquire un protagonismo menor no proceso de traballo a xerar. O realmente importante é o proceso de construción e dramatización que desenvolva o grupo, coa pretensión de dar a maior estabilidade posible a dinámica de traballo.

Esta circunstancia determina un proceso de traballo totalmente aberto en canto á parte escénica a crear, cunhas variables que se determinan progresivamente (nº de actrices e actores, intereses do grupo, características persoais, aptitudes, “medos escénicos”, etc.).

Deste xeito o proxecto de Teatro social, posúe a súa forza non tanto no teatro como produto cultural e artístico, senón na dramatización e os seus recursos como procedemento educativo para o traballo coas persoas, no favorecemento do seu desenvolvemento integral, fortalecemento da súa autoestima, etc.

Neste marco, o proxecto establece catro **obxectivos** esenciais:

- Favorecer o desenvolvemento de competencias de crecemento persoal dende a dramatización como eixo condutor.
- Impulsar a ruptura das posibles dificultades que a nivel expresivo poidan ter os usuarios/as, tanto a nivel verbal coma corporal.
- Desenvolver no remate do programa unha peza teatral froito da construción colectiva, e que dea resposta ás necesidades dos/as participantes
- Xerar un proceso de traballo que redunde positivamente no seu autoconceito e na súa autoestima.

O desenvolvemento e estrutura do Proxecto

O desenvolvemento do proxecto asentouse inicialmente no deseño dunha serie de sesións de traballo (unha sesión semanal) que permitían definir ao grupo en canto ao seu número, intereses, necesidades, etc.

Estas sesións introdutorias permiten ao grupo definir colectivamente os obxectivos definitivos a nivel de contidos preferentes a tratar, metodoloxía de traballo, xeito de visibilización do traballo ao público, etc. Este traballo inicial ten a seguinte estrutura nas diferentes sesións:

- **Parte lúdica introdutoria.** Coa intencionalidade de distender ao grupo, cohesionar e xerar emocións positivas e satisfactorias.
- **Técnica e creatividade corporal.** De xeito introdutorio o grupo experimenta a expresión corporal, xeitos de comunicar e interactuar diferentes ao que lles é máis cotiá.
- **Xogos de voz.** Dende propostas lúdicas, o grupo experimenta e sente a voz como un instrumento na interpretación con múltiples posibilidades.
- **Construción de personaxes.** O grupo aprende a mecánica para a construción dunha personaxe, atendendo ás diversas variables e o universo que definen a esa hipotético personaxe (actitudes, valores, historia de vida da personaxe, modos de camiñar, expresividade, etc...)
- **Improvisacións e dramatizacións.** Dende diferentes ferramentas (match de improvisación, xogos de dramatizacións, etc..) créanse escenarios interpretativos moi distendidos que permiten ao grupo gozar da acción interpretativa, adquirindo seguridade e confianza nun ambiente agradable e satisfactorio.

Esta dinámica permite crear os procesos axeitados para que o grupo, cando sinta que é o momento, defina con máis claridade os obxectivos seguintes na visibilización do proceso teatral.

De todos os xeitos, o proxecto tivo que superar unha serie de dificultades, tanto en canto á estabilidade do grupo se veía comprometida polos aspectos enumerados con anterioridade e que facían do grupo un elemento excesivamente flutuante de cara a

unha hipotética representación. Facíase tremendamente complexo rematar un proceso, xa que o grupo variaba en exceso para garantir unha representación final.

Polo tanto estabamos ante unha situación na que o traballo de dramatización era moi satisfactorio para a maioría dos e das participantes, pero non se lograba manter a continuidade suficiente para pechar o “*círculo máximo*”.

Ante esta situación o proxecto variou parcialmente na súa metodoloxía e procedementos, e o equipo técnico visualizou no **audiovisual** un recurso que complementase o traballo e permitise crear produtos visibles en menos tempo e que servisen de reforzo positivo para unha retroalimentación positiva do grupo, reducindo a incidencia das ausencias que algún membros tiñan no proxecto.

O traballo de dramatización tiña agora, “horizontes intermedios”, coa gravación de curtametraxes, que permitían traballar cun número maior de usuarios e usuarias nos procesos de gravación, ao tempo que podíamos visualizar e tanxibilizar un produto, a través das curtametraxes.

É así como saíron á luz tres curtametraxes:

- “*Xan e Lois teñen un problema*”. Curtametraxe adicada a analizar os facilitadores e dificultadores da comunicación a través dun conflito interpersonal.
- “*Lazos*”. Curtametraxe que abordou a temática da autoestima e que formou parte dun proxecto europeo (Habilitas) en colaboración co Centro de Formación Profesional de Aveiro (Portugal). O proceso de gravación fíxose conxuntamente en Santiago de Compostela e a presentación da curta realizouse en Aveiro.
- “*Buxaina*”. Curtametraxe adicada a vivencializar o proceso de toma de decisións coas súas diferentes fases.

Nos procesos de gravación contamos sempre coa colaboración de estudiantado da USC da titulación de Educación Social, o que axudaba a conformar grupos heteroxéneos, e a fuxir da creación de etiquetas ao redor da actividade.

Este proceso de gravación e edición de curtametraxes serviu para estimular positivamente ao grupo, e crear altos niveis de satisfacción nos e nas participantes, ao tempo que cada “presentación pública” das curtametraxes supoñía un reforzo moi positivo á autoestima dos usuarios e usuarias, polo feedback recibido polo público/sociedade.

Despois desta convivencia entre o teatro e o audiovisual, o proxecto avanzou cara outro formato, no que está instalado na actualidade, e no que coa finalidade de realizar unha representación teatral, combínanse diversas disciplinas artísticas para dar cabida aos diferentes intereses e características de cada persoa. Deste xeito, o grupo xera dinámicas creativas moi diversas:

- Crea os seus propios textos (relatos e poesías).

- Participa da gravación destes textos e poesías a formato audiovisual para incluír na escenificación.
- Constrúen as personaxes e participa do fío argumental e texto definitivo.
- Participa no deseño escenográfico.

Actualmente o grupo está a construír a obra “*As 5 marabillas da vida*”, unha reflexión sobre os aspectos que valoran máis, e que se constrúe progresivamente, permitindo que as persoas con máis dificultades para acadar unha estabilidade no grupo, poidan participar en procesos concretos da creación colectiva (elaborar uns poemas, ou participar da gravación dun relato,...), sen perxuízo para o resultado final do proceso creativo.

A avaliación do proxecto

A valoración do proxecto efectuarase dende diferentes instrumentos, que permiten percibir do xeito máis claro posible os resultados conqueridos.

- A construción dun **caderno de bitácora** por parte do equipo técnico no que se reflicten os procesos máis destacados no desenvolvemento das diferentes sesións (a modo de rexistro) e que permiten vislumbrar os avances, dificultades, novos intereses, etc..
- **Cadro de valoración** das improvisacións de cada sesión.
- **Valoración aberta** das e dos participantes a través dun rexistro das súas percepcións diarias das sesións e do proxecto en xeral, que queda rexistrada nun papel continuo e que permiten coñecer as sensacións e percepcións deles/as e que poidan percibir as súa propia evolución dende o inicio ate o final.
- **A consecución da peza teatral e a súa representación** (resultado, efecto nos participantes, resposta de colectivos da comunidade, etc.).

Estes instrumentos permiten ollar uns resultados moi satisfactorios a nivel cualitativo, na medida en que os usuarios e usuarias vivencializan procesos de crecemento persoal a través do teatro, atopan no teatro unha canle de expresión individual e colectiva que ten o recoñecemento social, e poden estruturar un tempo de ocio moi enriquecedor e que lles aporta enormes satisfaccións persoais ao superar un reto, que lles permite pechar o círculo máxico do teatro social, e que lles deixa clara constancia de que “calquera pode facer teatro, incluso os actores e actrices”.

BIBLIOGRAFÍA:

Boal, A. (1982). *Teatro del oprimido. Ejercicios para actores y no actores*. México: Nueva Imagen.

Muñoz Bellerín, M. (2009). Teatro y representatividad social p. 6-15. *Revista Teatro expresion educación*, 60. Ciudad Real: Editorial Ñaque.

Visión interprofesional dos contextos de acción nos Servizos Sociais

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceessg).

Sofía Riveiro Olveira¹⁰

Educadora social

*“Boto en falta unha pedagogía da vida cotiá (...)”. Salvador Pániker. Entrevista en
“La Vanguardia” (decembro de 1997)*

Posición do Ceessg sobre os contextos de acción socioeducativa en Servizos Sociais

Cotiá, Participar, Participación, Democracia, Común, Profesionalidade, Tempo, Cidadanía, Vivir, Experimentar, Educación, Mediación, Familia, Persoas, Ética, Social, Servizos, Espazos, Rúa, Fogar, Vivir, Procesos, Despachos, Acción, Vida Cotiá, Educación Social ...

Todas estas palabras, coas accións que comportan, os procesos que xeneran, as vivencias que provocan, e a forza que emiten, estiveron e están presentes sempre nos nosos debates, como elementos definitorios da profesión de educación social e como partes dun puzzle que nunca se acaba de facer, porque as pezas vanse mudando continuamente; cambian, desaparecen, medran ou mutan.

As Educadoras e Educadores sociais nacemos, desde a discusión e o debate, da chispa que outras persoas foron avivando, para poder pasar dun oficio antigo -tal e como recollía Juan Luis Vives ao falar das educadoras e educadores das institucións que congregacións relixiosas ou institucións benéficas fundaron para a educación de nenos e nenas pobres, abandonados/as ou en risco de delinquir-, a unha profesión nova, que promove coñecementos e recoñece necesidades tamén novas, inmersos/as nun “espazo dialéctico” -do que fala o profesor Sáez Carreras- onde é fundamental a colaboración entre a universidade e o mundo laboral, para non esquecer os uns dos outros (as unhas das outras) e poder definir mellor o noso perfil profesional e asentir as funcións e competencias da educadora e o educador social, tanto nos servizos sociais como nos outros ámbitos de intervención, desde as aulas onde se forman futuras profesionais. Para que a historia non nos evite nin nos condene ao esquecemento onde se engadan novas experiencias e nomes propios da Educación Social; para estar presentes no tempo e nos espazos pertinentes é necesario escribirmos. Pero a realidade é que non se conta esta historia. A historia de mulleres e de homes -non só de homes-, que traballaron nesa “chispa” para prender profesión, dentro dos servizos sociais, no ámbito do social, e para chegar ao que hoxe en día demos en chamar a Sociedade do Benestar.

E falando de historia, curiosamente un grande historiador francés da *nouvelle histoire*, Georges Duby, empeza un libro seu cunha pequena frase: "Imaxinemos que". Cando un/ha se enfrenta a un historiador que en lugar de enunciar unha verdade definitiva

¹⁰ Presidenta do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

entra no territorio da imaxinación, da creación literaria e artística e te di "imaxinemos que", é unha mirada completamente nova sobre os chamados feitos históricos, porque se formula a posibilidade de traballar coa imaxinación sobre o suposto feito real (José Saramago, 2005). E a pesares de que traballamos coa imaxinación nos servizos sociais e nos gusta, moitas veces é froito da necesidade de improvisación e da falta de recursos, e non tanto polo afán creativo e imaxinativo que podemos ter. Pero, seguindo o fío da imaxinación máis óptima, decidida e escollida, temos unha visión e unha posición ao respecto do que se nos formula no encabezado.

Isto é, a posición do Ceesg sobre os contextos de acción socioeducativa en Servizos Sociais é a da non exclusividade, a da búsqueda das potencialidades dos contextos, e de apertura a novas posibilidades. É a da "imaxinemos que":

- Imaxinemos que... non existe a exclusividade de contextos e espazos, posto que non só se fai un traballo socioeducativo no despacho ou no domicilio. Todos os contextos da vida cotiá son escenarios posibles onde pode ter lugar a acción socioeducativa; en todos os contextos existen oportunidades socioeducativas; mesmo todos os contextos son contidos da acción. Como un elemento máis da acción educativa, é imprescindible pensalos, coidalos, planificalos... Igual que preparamos os materiais para levar a cabo un obradoiro, ou definimos os tempos para abordar certas novas, tamén debemos preparar o lugar de encontro, para facelo acolledor, cómodo, seguro e, sobre todo, educativo.
- Imaxinemos que... elaboramos unha Enxeñería ou Arquitectura Social (Josep Vallés, 2010) onde construímos espazos desde a acción-reflexión con proxectos a partires da aplicación directa nun territorio. Vamos ser un pouco enxeñeiras/os sociais e construír proxectos que minimicen ou eliminen unhas necesidades detectadas a través do deseño de plans, programas e proxectos que teñan en conta os materiais, a estrutura, pero tamén o lugar onde se asenta a obra. É dicir, fagamos arquitectura convivencial e compartida para unha vida digna e respetable de todas as persoas.
- Imaxinemos que... se tivéssemos claro que foi aprendendo como percibimos que é posible ensinar, entenderíamos con facilidade a importancia das experiencias informais nas rúas, nas prazas, no traballo, nos salóns de clase das escolas, nos patios dos recreos, onde diferentes xestos de persoas (alumnado), do persoal administrativo, do persoal docente, se cruzan cheos de significación. Hai unha natureza testemuñal nos espazos tan lamentablemente relegados das escolas (Freire, 2004). E tamén existe ese afastamento noutros ambientes como pode ser o dos servizos sociais, onde é practicamente extrapolable todo o que Freire nos comenta dos espazos e elementos escolares, entre docentes e discentes. Nestes mesmos espazos ten cabida unha educación intencional.
- Imaxinemos que... a experiencia humana no mundo varía de calidade con relación á vida animal no soporte. O soporte é o espazo, restrinxido ou

extenso, ao que o animal se prende "afectivamente" para resistir; é o espazo necesario para o seu crecemento e o que delimita o seu territorio. É o espazo no que, adestrado, "aprende" a sobrevivir, a cazar, a atacar, a defenderse nun tempo dependente dos adultos inmensamente menor do que o ser humano necesita para as mesmas cousas. Canto máis cultural é o ser, maior a súa infancia, a súa dependencia de cuidados especiais. Ao "movemento" dos outros animais no soporte fáltalle a linguaxe conceptual a intelixibilidade do propio soporte de onde resultaría inevitablemente a comunicabilidade do entendido o asombro diante da vida mesma, do que contén de misterio. No soporte, os comportamentos dos individuos son moito máis explicables pola especie á que pertencen que por eles mesmos. Fáltalles liberdade de opción. Por iso non se fala de ética entre os elefantes (Freire, 2004). É por iso, polo que é precisa unha acción máis próxima e emocional, tendo en conta o soporte do que fala Freire, como condición "sine qua non" para levar a cabo unha intervención socioeducativa de calidade.

- Imaxinemos que... o reduccionismo ao despacho ou ao domicilio é limitante e, en moitos casos, angustioso. A educación social dáse tamén en espazos abertos, na rúa, a través dos medios de comunicación, dos letreiros, da propaganda publicitaria, da música en tódolos seus estilos de expresión ... e da arte. O obxectivo que perseguían educadores como Paulo Freire e que nós tamén procuramos foi e é o de transformar a sociedade -e non só a escola ou a universidade- cos seus medios socioeducativos convencionais e modernos. É evidente que todas as intervencións pedagóxicas non se exclúen necesariamente, senón que poden potenciarse. É tamén lóxico que "hai unha pedagogicidade indiscutible na materialidade do espazo" polo que os espazos compartidos teñen que darse desde a combinación dos distintos saberes e funcións das profesionais que conviven na acción social, sexa cal sexa a súa orixe formativa ou laboral; tendo claro que a finalidade das distintas accións nos servizos sociais son a mellora da calidade de vida das persoas coas que traballamos.
- Imaxinemos que... os servizos sociais comunitarios se convierten en "suxeitos educativos" e, polo tanto, todos os seus espazos, accións e reflexións teñen unha intencionalidade socioeducativa. Isto supón desbordar o papel tradicional dos servizos sociais: deixa de haber un espazo especializado na "asistencia social" e unhas persoas encargadas desta; todos os espazos, todas as accións e todas as persoas son espazo-tempo e suxeitos pedagóxicos. "Transformarse transformando" é o principio pedagóxico, e os servizos sociais son o suxeito educativo. Xa non debería rexistrarse división e separación entre os servizos sociais e a sociedade pois todos os espazos son promotores de accións socioeducativas.
- Imaxinemos que... tal e como di César Muñoz "propoñemos a Pedagogía da Vida Cotiá, que apoia unha intervención educativa a partir fundamentalmente dos momentos triviais, latentes, pequenos do cada día

pola razón esencial de que é por eles por onde pasa fundamentalmente (non unicamente) a vida”; e imaxinando isto teremos unha labor diaria de descubrimento, intuición e creatividade dentro dos servizos sociais, entendidos no seu sentido máis amplo, para toda a comunidade.

- Imañemos que... non hai espazo pedagóxico, sen tempo pedagóxico. Polo que deberíamos pararnos a analizar a cuestión do tempo e os tempos, pero darían para outro curso de verán.
- Imañemos, para rematar, que... temos máis e mellores recursos para os servizos sociais comunitarios e especializados; unha política social volcada coas necesidades deste pia da Sociedade do Benestar, incidindo nas melloras das persoas máis necesitadas e fomentando as capacidades; o equipo interprofesional se coordina e se comunica con naturalidade; a comunidade fai uso dos servizos sociais sen ningún estigma do pasado; e que a universidade e o mundo laboral se entenden e colaboran para proxectos e investigacións conxuntas, onde chegan a intercambiar posturas para actualizar a teoría e a práctica profesional. Que teriamos que facer nós, daquela, como colexio profesional?

Con isto, queremos confirmar que todos os espazos da vida cotiá (o traballo de rúa, os obradoiros nos centros educativos, as actividades sociocomunitarias nos centros culturais) poden ser excelentes escenarios para a acción socioeducativa, polo que non deben ser desprezados nin subestimados, pois perdemos así moitas posibilidades de cambio, xa que só é posible a transformación social a través do cotiá, dos seus tempos e espazos, onde transcurre a vida das persoas. Isto non significa que todos os espazos sexan igualmente válidos para todas as accións socioeducativas, en todos os momentos, para todas as circunstancias. Isto implica a necesidade de planificar a selección e uso dos espazos na acción socioeducativa.

Ou dito doutra maneira, e facéndonos eco das palabras do noso compañeiro do Ceesg, Alfonso Tembrás, a respecto dun artigo sobre as Comunidades Terapéuticas, lugar no que traballa, di que «résultannos moi interesantes as reflexións que Franch e Martinell (1994) fan sobre o valor educativo do cotiá (...). Por unha banda, definen o cotiá como un “conxunto de momentos, de lugares e de relacións nos que se lles pode dar respostas ás necesidades das persoas e, sobre todo, axudalos a encontrar as súas propias respostas a esas necesidades, tal como as experimentan”. Tamén sinalan que o cotiá non debe ser entendido só como soporte para a realización das actividades do programa, que tamén, senón como un espazo cun interese propio e onde educadoras e educadores, a través da nosa presenza, podemos incidir dun xeito importante».

Exemplo disto témolo nas educadoras familiares¹¹, que saben ben do que falamos cando destacamos a importancia que teñen os contextos, en tanto que son elas as

¹¹ No ámbito dos servizos sociais comunitarios, o colectivo de profesionais da educación social máis amplo traballa nos programas de Educación Familiar.

responsables de “abrir” un espazo ata o de agora restrinxido ás familias e á profesional do social: o domicilio e o despacho. En canto á evolución da profesión a este nivel, as educadoras familiares adoptaron unha postura crítica da súa acción-reflexión e fixeron un esforzo común por normalizar esa apertura de espazos e poder buscarlle as posibles potencialidades aos demais lugares de intervención, o que implica tamén un repensar a metodoloxía e os recursos utilizados ata o de agora.

O Ceesg colaborou na avaliación e seguemento do proceso de elaboración e redacción do Programa Marco de Educación Familiar, onde quedou reflectido este propósito por parte das educadoras familiares, e a necesidade de entender os espazos da vida cotiá como continentes da intervención pero tamén como contidos en si mesmos. Do mesmo xeito, e querendo integrarnos como profesionais con pleno dereito a exercer as nosas funcións dentro dos servizos sociais, non podemos caer na trampa, por exemplo, que mesmo as compañeiras/os catalás denuncian, onde a necesidade de cumprir cunhas ratios marcadas de atención a poboación, fixo que se cinguisen unicamente á entrevista no despacho, sen marxe para outro tipo de accións socioeducativas, seguindo a mesma traxectoria á que se viron abocadas outras profesionais dos mesmos servizos sociais.

Concluindo, queriamos contestar a unha pregunta que nos podemos facer para aclarar a traxectoria que estamos a seguir como órgano colexial que representamos a un gran número de profesionais da educación social: Con quen queremos complicidades neste cambio de escenario, onde se dea unha apertura de espazos e unha maior coordinación profesional para poder desenvolver unha pedagogía da vida cotiá?

- Coas administracións, que teñen que coñecer as nosas funcións e recoñecer a necesidade da nosa figura profesional.
- Coa Universidade, que é quen forma ás profesionais e quen marca metodoloxías de traballo que deben estar acordadas á realidade e non ancoradas nun pasado lonxe da práctica.
- Cos distintos colexios profesionais que tamén interveñen nos mesmos contextos, para romper con exclusividades e mimetismos estáticos, que non fan máis que reducir e minguar a práctica profesional.
- Coas persoas que estean estudando ou xa exerzan de educadoras/es sociais, que son quen reportan información de primeira man do día a día e do ritmo cardíaco da profesión, xa que son as encargadas de comunicar o estado anímico da profesión no seu conxunto, e son o motor de cambio e o poder da educación social.

Papel dos contextos de acción socioeducativa na definición duns Servizos Sociais de calidade

Mafalda di que hai máis “problemólogos que solucionólogos” e nós queremos romper esa visión pesimista e negativa, defendendo unha posibilidade socioeducativa que deixe de lado os reinos de Taifas, para crear comunidade, atendendo ás

peculiaridades individuais. Ben é verdade que sempre nos atopamos con dificultades e conflitos, pero está nas nosas mans ter as ferramentas suficientes para solventalos de maneira eficaz, eficiente e efectiva.

Polo tanto, o papel que desde o Ceesg lle atribuímos aos contextos de acción socioeducativa para definir uns Servizos Sociais de calidade é a de aqueles contextos que favorezan a aparición de solucionólogos/os. E isto poderemos conseguilo se:

- Recoñecemos a diversidade de espazos para levar a cabo a nosa labor profesional.
- Coñecemos os espazos e as/os profesionais que traballan neles.
- Convertimos os espazos nos que traballamos en socioeducativos, tendo uns recursos mínimos que os sustenten (limpeza, materiais, seguridade ...).
- Traballamos a actitude e a ética profesional neses espazos, promovendo o cuestionamento continuo de cómo os utilizamos, cuál é o fin (tendo presente en todo momento o Código Deontolóxico); defendendo os nosos dereitos desde a humildade e o respecto.
- Temos claros os criterios para a selección do espazo (momento no que estamos no proceso de intervención, a accesibilidade, os obxectivos a abordar, as actividades a desenvolver, o que aporta de educativo o espazo...).

A falta de respecto a estes espazos constitúe unha ofensa ás persoas coas que traballamos e á práctica profesional. Pola contra, se creamos eses espazos de calidade e cálidos, no sentido de cómodos e distendidos, próximos e libres, entón poderemos exercer o noso traballo para:

1. Desenvolver iniciativas en temas de participación cidadá (interxeracional e intercultural), que incidan na vida social das persoas e dos pobos tomando como base as formulacións da Pedagogía da Vida Cotiá.
2. Que as familias, as entidades e as persoas participen no deseño e goberno das súas vidas ("a primeira cidade é o corpo").
3. Que as rúas, os barrios, os pobos, as aldeas, as cidades, vivan e potencien unha cidadanía democrática que participe no seu deseño e goberno.

Pois sentiranse e sentirémonos protagonistas das nosas decisións (profesionais no noso caso e persoais no seu) e das nosas vidas; en definitiva, seremos conscientes do proceso no que estamos inmersas/os e poderemos reflexionar acerca do mesmo, aportando a nosa visión do mundo ao conxunto das persoas coas que participamos.

Henri Lefebvre na súa obra "A vida cotiá no mundo moderno" di: «Pódese dicir que o cotián é o lugar do desexo? (...) Si, hai relación entre o cotián e o desexo (...)». E isto é así porque toda unha suma de sentimentos, desexos, pensamentos... se poñen en relación, na procura dun obxectivo común, primeiro individual pero logo colectivo: a felicidade. A felicidade é algo que todo o mundo desexa e anhela -e non sempre disfruta-, polo que non se lle pode negar a ninguén, e é moi aconsellable sentila-

practicala de vez en cando, polo que tamén a recolleemos como un indicador de calidade nos servizos sociais e como un compromiso coa profesión e a comunidade.

Como educadoras e educadores sociais ofrecemos o que temos, profesionalmente falando, nunha relación sincera e transparente, onde todo o proceso é explicado, comprendido e asumido por ambas partes -a individual, familiar ou colectiva e a profesional-. E esperamos ser correspondidas/os, nesta relación onde se dá o principio de igualdade de oportunidades.

Nesta actitude de conciliación coa contorna, non podemos obviar os distintos perfís profesionais que conflúen nos servizos sociais e dos que tamén saímos beneficiadas, en canto que complementa a acción socioeducativa, complétana ou mellórana, coa súa intervención, sendo isto algo recíproco.

Ben, exemplos de encontro e actuacións colexiadas tamén os temos e podemos enumeralas, aínda que non sexan moitas:

- O Espazo Dialoga é un formato de encontro entre os distintos colexios profesionais que procura o entendemento e a posta en común das posicións propias de cada profesión en aspectos que nos competen. Realizouse o primeiro Espazo Dialoga, en 2009, como unha reunión entre os distintos colexios profesionais, onde se convidou aos sindicatos e patronais do sector, pois o tema a debater eran os Convenios Profesionais. Os resultados foron moi positivos pola afluencia e tamén polos contactos feitos, pero é algo que temos que seguir potenciando.
- Colaboración no Programa Tecendo Redes. Xa falamos da nosa participación na comisión avaliadora do programa marco de educación familiar, onde enfatizamos a importancia de abrir os espazos de intervención e repensar as metodoloxías e o perfil profesional propio da educación familiar.
- Apoio e integración na Plataforma Galega en Defensa duns Servizos Sociais Públicos. Onde conflúen distintas entidades e administracións que teñen en común a defensa e a loita por uns servizos sociais adaptados á realidade galega e velando por que se aplique a lei galega de servizos sociais.
- Formamos parte tamén como Colexio Profesional de distintos foros onde aportamos a nosa visión socioeducativa, como son o Foro de Inmigración - que se reúne de forma periódica en Compostela- e o Foro Social 2010, onde se integra o Foro Mundial de Educación, no que formamos parte do Subcomité Galego Organizador.
- En definitiva, artellamos xornadas e encontros de educadoras/es sociais e outras/os profesionais como vía de coñecemento e aprendizaxe continua, potenciando aqueles temas que interesan e preocupan á profesión.

Todas estas actuacións, en maior ou menor medida, vindican os espazos da vida cotiá como contexto de acción profesional.

Para reflexionar...

Eu só posúo unha das menos importantes calidades necesarias para escribir: a curiosidade. (...) Sufro tormentos de frustración e de deficiencia en razón da imposibilidade de introducirme nas áreas da vida que o meu modo de vivir, a miña educación, sexo, ideas políticas e diferenzas de clase me prohiben. É a enfermidade dalgunha da mellor xente da época actual: os uns soportan ben os seus efectos, mentres que os outros acaban cascados a causa diso; é unha nova sensibilidade, un intento semiconsciente de alcanzar unha nova comprensión imaxinativa (Doris Lessing, O caderno dourado, 1962).

Curiosidades:

- Cómo podemos levar a cabo as funcións básicas da educación social nos servizos sociais, de mediar, facilitar e empoderar, en espazos que non o permiten?
- Credes que as profesionais con distintos perfís dos servizos sociais temos os espazos axeitados para reunirnos e intercambiar impresións, información, etc.?
- Podemos chegar a prescindir duns órganos colexiais que definan e defendan a profesión e ás profesionais que exercer o seu traballo en distintos contextos, facendo uso e entendendo ao cen por cen o concepto de utilización e aproveitamento dos espazos da vida cotiá?
- Está a formación inicial de educación social a formar verdadeiras solucionólogas?

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG).

M^a Jesús López Cernadas¹²

*Non podemos distinguirmos das nosas situacións, dicía Sartre, as situacións
fórmannos e deciden as nosas posibilidades.*

Posición do COPG sobre os contextos de acción socioeducativa en Servizos Sociais

A intervención psicosocial, como parte de intervención social, é a intervención ou acción social de efectos psicolóxicos, previsibles desde un punto de vista teórico, realizada con estratexias e técnicas fundamentalmente psicosociais (dinámicas de grupo, cambio de actitudes) e/ou que se aplican sobre variables ou procesos do nivel das relacións (interinfluencias, interaccións, comunicación).

A psicoloxía debe estar presente en calquera situación ou ámbito no que estea unha persoa, xa sexa en solitario ou formando parte dun grupo ou colectivo, pois entendemos que a persoa funciona de xeito global, somos un todo biolóxico, psicolóxico e social e vivimos inmersos nun contexto socioeconómico determinado e dinámico, polo que os contextos de actuación son exactamente todos aqueles nos que a persoa se desenvolve na súa vida diaria: somos individuos con características e necesidades propias, somos membros dunha familia con posicións dentro da mesma, pero tamén compartimos edificio, parroquia, concello co papel de veciños/as dentro da comunidade, tamén formamos parte dun grupo de traballo, estudo, ou dun colectivo socialmente asinado. Vivimos as 24 horas de cada día.

Todo isto xera comportamentos, emocións, situacións nas que ás veces somos vítimas e outras agresores e ao mesmo tempo precisamos das habilidades necesarias para que cheguemos a desenvolver cada un/unha de nós o noso persoal proxecto de vida.

A nosa tarefa consiste en manter o menos contaminado posible calquera momento ou situación da vida diaria.

- Debemos promover a competencia da comunidade para analizar os seus problemas e xerar recursos para superalos e implementar programas de prevención focalizada nos grupos de risco ou en grupos relevantes con respecto ao problema de que se trate, desenvólvense traballos de investigación, dinamización de grupos, consultoría desde unha perspectiva preventiva e proactiva; a intervención debe centrarse sobre todo nos factores que facilitan fenómenos como a exclusión, discriminación, racismo e xenofobia.
- Queremos favorecer o desenvolvemento dos dereitos dos/as menores e asegurar as condicións que potencien o seu desenvolvemento así como

¹² Presidenta da Sección de Psicoloxía de Intervención Social. Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

incidir ou prever o impacto en situacións adversas; o noso labor no eido familiar ten varias liñas de traballo:

- Intervención familiar co obxectivo de desenvolver habilidades de coidado e educación dos/as fillos/as, a integración da familia en redes de apoio social, mellora das relacións persoais do grupo familiar e a conexión con outros recursos sociais.
 - Acollemento que permita ao/á menor por un tempo desenvolverse nun contexto facilitador do seu desenvolvemento íntegro, avaliando as familias acolledoras, a disposición do/a menor e facendo un seguimento da acción.
 - En adopcións, avaliando e ditaminando a idoneidade e facendo o correspondente seguimento e asesoramento.
 - No acollemento residencial avaliando aos/ás menores que ingresan, facendo un seguimento, intervindo en posibles problemas de desenvolvemento e ofrecendo apoio técnico aos/ás educadores/oras nos seus programas e intervencións.
 - En menores con condutas infractoras no que se refire á intervención en reforma e/ou no xulgado de menores, elaborando un informe técnico antes do ingreso do/a menor e asistindo como perito/a, facendo un seguimento das medidas adoptadas xa sexa en liberdade vixiada, traballos de compensación á comunidade, en centros de día ou ingreso en centros específicos.
- No ámbito dos/as maiores fomentando a independencia e autonomía así como a súa participación na vida social, a solución independente dos seus problemas e favorecendo a permanencia do/a maior no seu domicilio e entorno habitual.

Tamén é precisa a tarefa psicolóxica nas residencias, centros de día, axuda a domicilio sen esquecer a intervención e apoio aos/ás cuidadores/oras de enfermos/as con demencias e en especial aos/ás cuidadores/oras de enfermos/as con Alzheimer.

Entendemos a vellez como unha etapa máis da vida que supón un reto adaptativo que cada persoa supera de xeito diferente en función de múltiples factores o que esixe intervencións individuais e grupais con programas de habilidades cognitivas e sociais, dinamización de actividades de ocio e tempo libre e fomento da participación social.

- No ámbito da discapacidade a intervención supón a diagnosis non só da discapacidade propiamente senón tamén da repercusión psicosocial que leva asociada, avallanse as condicións sociais do entorno do individuo, o impacto da discapacidade nas posibilidades educativas, laborais e/ou de relación. Propóñense tratamentos de superación das dificultades persoais

asociadas, participación en programas de estimulación temperá de enfoque preventivo e en programas de rehabilitación.

Nos centros ocupacionais e de inserción sociolaboral búscase a adaptación óptima entre as capacidades e as habilidades de cada persoa tendo en conta o grao de discapacidade e as tarefas e postos de traballo.

Nas asociacións de familiares de discapacitados/as aplícanse técnicas de grupo e dinamización de actividades xunto coa información e orientación.

É importante tamén o papel no cambio de actitudes das persoas non discapacitadas coa posta en marcha de programas de sensibilización coa finalidade da integración nos distintos niveis escolar, comunitario, laboral...

- Procuramos a igualdade de oportunidades e prevención da desigualdade e a promoción da muller e a atención a vítimas de violencia de xénero. Os centros de información á muller ofrecen información e asesoramento especializado ante problemas concretos sobre dereitos legais e recursos dispoñibles, destacan a terapia de apoio e o seguimento así como as campañas de sensibilización da comunidade destinadas á prevención das problemáticas.

Nas casas de acollida a intervención psicolóxica debe analizar as secuelas e impacto psicolóxico que ocasionan estas situacións e incidir sobre os problemas de autoestima e aplicación de técnicas individuais e grupais para abordalos.

As mulleres en especial e, en xeral a poboación con dificultades especiais para a inserción no mercado de traballo, precisan dos programas de apoio á inserción laboral de desempregados/as con deseño de itinerarios ocupacionais personalizados e aprendizaxe de uso de técnicas de busca de emprego e programas formativos e orientación profesional.

- No eido da xuventude préstase atención ás situacións de risco, potenciando a integración familiar, escolar, a transición e incorporación ao mundo laboral así como se debe fomentar e informar sobre hábitos de vida saudables, información sexual adecuada, sendo de vital importancia os programas preventivos sobre todo en delincuencia, adiccións, fracaso académico onde cobran importancia as campañas de divulgación e o deseño de dispositivos de información próximos e de fácil acceso.
- No eido das minorías sociais e inmigrantes, recoñecendo a exclusión social como un fenómeno estrutural dinámico e multidimensional e considerando os servizos sociais como un eixo de actuación transversal para a integración na sociedade.
- No eido da cooperación para o desenvolvemento é precisa a colaboración en programas de cooperación en países en situacións extremadamente difíciles pola pobreza ou polas situacións de guerra e/ou a intervención en situacións especiais de catástrofe.

- En psicoloxía ambiental, perseguimos condutas ecolóxicas responsables, potenciando os cambios na relación do individuo co medio ambiente así como estudando as actitudes cara ao medio, as relacións entre a saúde e o entorno, as preferencias ambientais, percepción de riscos, e adaptando o medio ás características dos/as usuarios/as tales como a construción/adaptación de vivendas para maiores, discapacitados/as, e/ou outras necesidades especiais.
- Sectores emerxentes son a ocupación do tempo libre e ocio.

O ocio vinculado ás novas tecnoloxías, os ordenadores e as redes sociais que xeran novas situacións que cómpre saber manexar.

Tamén o ocio ecolóxico desde actividades deportivas ata turismo rural ou turismo de aventura coas posibilidades que pode ofrecer referidas a crecemento persoal e integración social.

Así mesmo no mundo empresarial co deseño e intervención en programas de asociación socio-turística e os de ocio destinados a colectivos determinados como para persoas maiores ou mozas e mozos con problemas de adaptación social.

Non debemos esquecer os medios de comunicación co seu gran poder de influencia na vida familiar e social que ao mesmo tempo que difunden estereotipos e estilos de vida, poden ser grandes difusores de normas e valores, patróns de conduta e/ou actitudes.

A tarefa da intervención social encerra unha complexidade fundamental: a relación co/coa outro/a; enténdese como unha actividade ao servizo do/a outro/a: sempre hai que identificarse co mundo que o fai vibrar, cos problemas que o conmoven e coas accións concretas nas que participa; a intervención social ten a súa mirada dirixida ao/á outro/a, aos problemas que o limitan e lle empobrecen a vida ou fai que sinta que a súa vida está empobrecida e sofre por isto.

Como profesionais debemos comprender a diferenza, a alteridade e, no seu beneficio, buscar o xeito de propoñer accións comúns sen diminuír a capacidade do/a outro/a de estruturar e darlle sentido á súa vida respectando o dereito a facelo libremente, e colaborando coa construción da súa propia afirmación.

Historicamente a intervención social concentrouse en estudar as necesidades e problemas sociais da marxinação, inadaptación, os malos tratos, os prexuízos, a delincuencia, mais despois empezaron a aparecer perspectivas na intervención comunitaria e a psicoloxía ambiental para rematar falando de benestar e calidade de vida.

Ata os anos sesenta calidade de vida e benestar definíanse en termos económicos fundamentalmente, asimilábase á cantidade de recursos económicos dispoñibles.

O concepto de calidade de vida pensamos que ten implicacións psicosociais e na súa resposta converxen distintas disciplinas, supón un punto de encontro común; se ben hai que partir da consideración das condicións materiais nas que viven as persoas,

tamén é certo que é clave a experiencia que teñen esas persoas sobre esas condicións de vida, as súas aspiracións e metas, por isto mesmo desde a psicoloxía social tócanos afrontar directamente esta temática, establecela como obxecto de estudo e intervención e ofrecer solucións á sociedade en xeral e ás persoas en particular.

Podemos dicir que a calidade de vida é o grao en que as condicións dunha sociedade permiten aos seus membros realizarse de acordo cos valores ideolóxicos establecidos, proporcionándolles unha experiencia subxectiva satisfactoria da súa existencia.

O desenvolvemento deste proceso de intervención social para lograr unha maior calidade de vida, implica sempre un rol por parte do/a profesional de acompañamento a través da humanización, o estímulo e a denuncia.

- Humanización porque despreza as posibilidades comunicativas; a acción de intervir para lograr unha maior calidade de vida das persoas supón un efecto de contacto perso a perso, tamén atopar ao/á outro/a nun proxecto de encontro que normalmente é puntual ou de alcance medio no tempo; estes feitos reforzan o carácter da relación de perso a perso.
- Como estimulante porque valora ao/á outro/a e lle confire a posibilidade de identidade.
- Establece unha función de denuncia no sentido que a relación serve para salientar que a comunicación é posible e evidente, que o equilibrio pode ser establecido na sistematización das posibilidades e potencialidades.

A evolución e traxectoria da Psicoloxía da Intervención Social

A psicoloxía social é a ciencia que estuda a influencia das nosas situacións, en especial a forma en que nós percibimos e afectamos uns/unhas aos/ás outros/as; é o estudo científico da forma en que as persoas pensamos, influímos e nos relacionamos cos/coas demais.

É tarefa da psicoloxía social responder a preguntas como que parte do mundo social está unicamente na nosa cabeza, saber que parte do comportamento depende da situación e que parte depende da forma en que percibimos esa situación; a nosa tarefa tamén consiste en coñecer que situacións fan posible que a xente axude, ou que contextos fomentan máis a conduta de auxilio e/ou analizar por qué as persoas somos capaces de involucrarnos en actos terribles ou colaboramos en agresións, isto é, ¿por que somos agresivos se se nos ordena?

Todas estas preguntas refírense á forma en que as persoas se perciben e se afectan entre si: as actitudes, crenzas, conformidade, independencia, amor, odio son os temas que trata a psicoloxía social.

Como coñecemos mellor, facer amigos/as, influír nos demais, transformar espazos cerrados en campos abertos, facer visibles as forzas que guían pensamentos e actos, sen dúbida isto ten implicacións para a saúde e o benestar dos seres humanos e para

motivar comportamentos que posibiliten un futuro humano ambientalmente sustentable.

Os servizos sociais no estado español comezaron a xestionar o seu desenvolvemento a partir dos anos setenta, ao mesmo tempo comezou unha especialización no campo da psicoloxía social vinculada aos ámbitos que estes servizos sociais pretendían alcanzar ata chegar ao traballo específico de psicólogas e psicólogos que están a traballar nestes servizos.

A área da psicoloxía da Intervención Social naceu como concepto no ano 1984 ao abeiro do I Congreso do Colexio Oficial de Psicólogos, e pode dicirse que, no estado español, foi froito do cambio político e social derivado da Constitución de 1978, ao quedar definida España como estado social, democrático e de dereito o que implicou que se debían construír sistemas de servizos que atenderan necesidades e dereitos expresamente recoñecidos.

A normativa, de desenvolvemento lento, tivo algún feito que dou impulsos máis eficientes, tal é o caso da Lei reguladora de bases de réxime local (1985), as diferentes leis de servizos sociais das distintas comunidades autónomas, o traballo dos sectores especializados que dou lugar á Lei de Integración Social de Minusválidos (1982) ou a Lei sobre Adopción e Acollemento Familiar (1987), e cómpre mencionar o Plan Concertado para o Desenvolvemento das Prestacións Básicas nas Administracións Locais a finais dos 80 ou os Plans Xerontolóxicos.

As situacións de risco desde un principio relacionáronse con necesidades básicas condicionadas polo entorno social tales como necesidades de subsistencia, convivencia e integración social, participación, acceso á información e aos recursos sociais, igualdade de oportunidades, non discriminación, non exclusión social; a incorporación da Psicoloxía da Intervención Social nos ámbitos de traballo dos Servizos Sociais foi irregular e lenta; mais esta situación está a cambiar por ser os/as propios/as usuarios/as os/as que demanden atención psicolóxica profesional e será un proceso irreversible motivado porque a realidade do individuo, a familia, o grupo e a comunidade cambiou notablemente desde o comezo dos servizos sociais no estado español ata a actualidade na que situacións de crise e desemprego fan que o noso labor sexa cada vez máis imprescindible para poder alcanzar un equilibrio social mínimo necesario para que a sociedade funcione.

A intervención social require da multidisciplinariedade; creemos e constatamos que é a vía eficaz de abordar a realidade persoal e social do momento e onde o papel da psicoloxía se converte en necesaria e imprescindible se queremos unha atención íntegra e de calidade.

Papel que representan os contextos de acción socioeducativa na definición duns servizos de calidade

Na Psicoloxía da Intervención Social falamos de calidade de vida; e os Servizos Sociais son elementos de calidade de vida.

Se analizamos as políticas de calidade de vida, podemos dicir que no estado español, esta preocupación aparece cando se recoñecen os dereitos sociais por parte da lexislación e da Administración Pública.

Este recoñecemento establécese a partir dos dereitos civís, políticos e sociais e na capacidade para poder universalizalos a través do recoñecemento do papel do público na prestación de bens e servizos, complementando os servizos de familia e o mecanismo distribuidor e reprodutor do mercado.

Entendemos por sistema de Servizos Sociais aquel que procura facilitar ou mellorar a vida diaria das persoas, capacitando aos individuos, ás familias e a outros grupos primarios para desenvolverse, tratando de lograr obxectivos de calidade de vida.

O sistema de Servizos Sociais debe pretender alcanzar estes obxectivos:

- Contribuír á socialización e ao desenvolvemento persoal dos suxeitos.
- Informar a todos/as os/as cidadáns/cidadás dos seus dereitos sociais para facilitar o acceso aos distintos servizos de protección social.
- Asegurar os niveis básicos de atención social e axuda necesarios para o mantemento da convivencia comunitaria de menores, discapacitados/as, persoas maiores.
- Organizar e xestionar os equipamentos alternativos para a convivencia destinados ás persoas que teñan deterioradas as súas relacións convivenciais.
- Facilitar a determinadas persoas a axuda e orientación que lles permita restablecer as súas propias capacidades ou superar situacións de dificultade.
- Facilitar a axuda mutua e a autoaxuda e as actividades dirixidas á prevención, incluídas as de propoñer cambios de políticas, programas e planificación de servizos.
- Integrar os diferentes programas e servizos asegurando o máximo beneficio social a través da correcta coordinación dos mesmos.
- Establecer os obxectivos de manter a asistencia e supervisar a actuación técnica desenvolvida sobre aquelas persoas que se atopen en situacións de risco.

Na consecución destes obxectivos combínanse aspectos de intervención directa cara os/as cidadáns/cidadás pero tamén intervención na xestión e organización dos propios servizos sociais e nas relacións co resto dos diferentes sistemas e coas estruturas institucionais das que dependen.

Cada estado e cada comunidade foi creando un sistema propio de Servizos Sociais para dar cobertura a estes obxectivos, mais coinciden en:

- Por unha banda o sistema de xestión de servizos sociais realízase preferentemente desde o ámbito local, o que xera unha tradición de pautas

de convivencia, solidariedade e axuda mutuas, xa que a perspectiva descentralizadora promove unha maior participación da comunidade.

- Esta dinámica descentralizadora promove unha maior aproximación aos/ás cidadáns/cidadás e as súas necesidades: se os/as usuarios/as poden elixir os seus programas, tamén os fan máis accesibles, serán mellor recibidos e apoiados se os/as cidadáns/cidadás contribúen na súa formulación e instrumentalización.
- Considérase unha base única do sistema a través da que se desenvolve tanto unha intervención na base da estrutura interna na que se xeran as propostas de coordinación de programas como a interrelación cos demais sistemas de protección social (sanitario, xurídico, educativo) e tamén posibilita o seu artellamento como unidades de acceso universal e traballo interdisciplinario coa posible presenza de diversos/as profesionais.
- A intervención que realizan os Servizos Sociais configúrase como xeneralizada e universal; atención baseada na información, na orientación e na derivación, e propón intervencións de carácter técnico complexo para a atención de problemáticas en función de variables de idade, estado físico, situación de emerxencia social, marxinação, etc, o que supón a integración das políticas de actuación no terreo educativo, sanitario, urbanístico, de prestacións económicas, etc.
- Os sistemas de servizos sociais configúranse como propios e independentes, coordinados co resto de sistemas de protección social e buscando fórmulas de interrelación nas súas prácticas; esta presenza como sistema independente considérase necesaria para permitir o seu desenvolvemento e identificación e tamén unha validación respecto ao resto dos sistemas de protección social.

Estamos asistindo á creación dun paradigma que intenta superar as políticas dos Estados de Benestar, fálase de Sociedades do Benestar Social como superación das políticas dos Estados de Benestar, nas que se introduce un elemento novo: o terceiro sector. Entendemos o terceiro sector como unha vía de potenciación democrática, participativa e de encontro, coa finalidade de mellorar os niveis participativos e de implicación transformadora en todas aquelas actividades vinculadas coa mellora da calidade de vida dos/as cidadáns/cidadás e comunidades.

Sector público (goberno), privado (empresas) e sector social (voluntariado) deben ter como interese común acrecentar a calidade de vida das persoas.

Non é desexable que a expansión dunha serie de programas baseados na presenza deste terceiro sector, se traduza na pouca participación das responsabilidades públicas amparándose na boa vontade. O que si sería desexable é que se impulsaran as propostas baseadas na complementariedade non en desviar as responsabilidades públicas no recoñecemento dos dereitos dos/as cidadáns/cidadás, impoñendo un proceso de individualización e fragmentación das necesidades sociais.

Debemos ter en conta que a nosa sociedade civil é débil, necesita tempo e implicación para poder constituírse nunha alternativa de xestión dos problemas sociais polo que ao falar de protección social as asociacións e entidades teñen un importante papel que desempeñar pero non o único.

As responsabilidades das Administracións Públicas son e deben ser moi amplas, o poder público debe ter unha importancia primordial para o recoñecemento dos dereitos sociais e para facilitar posibilidades e recursos ás asociacións e entidades sociais que deberían ser un instrumento activo de divulgación, implicación e xestión dalgúns dos recursos relacionados co desenvolvementos dos Servizos Sociais.

O funcionamento do sistema de Servizos Sociais como sistema de calidade de vida

O desenvolvemento dos Servizos Sociais produciuse en moi poucos anos se o comparamos con outros sistemas; dirixiu a acción a cambiar o individuo para lograr a súa adaptación á sociedade. Se analizamos a situación podemos observar que:

- Desde as normativas os Servizos Sociais establecen que deben estar ao servizo de todos os/as cidadáns/cidadás, mais o traballo segue a centrarse con colectivos vulnerables ou precarizados moi concretos, son universais na súa concepción, pero na práctica só hai actuacións sectoriais.
- Como principios básicos resáltase a importancia da prevención como un elemento clave da función a desenvolver; pero os/as profesionais apuntan que é necesario dedicarse máis ás tarefas de prevención; aínda máis grave, os programas están deseñados como paliativos ante as desgrazas e moi poucos casos se contempla a posibilidade de actuar contra as causas de exclusión; Seguimos a facer un papel de asistencia e pouca prevención.
- O sistema de Servizos Sociais é o de máis recente creación, os seus programas son recentes pero seguen a programarse prácticas propias de estados evolutivos anteriores como prácticas de beneficencia con connotacións moi propias das propostas caritativas.
- O sistema de Servizos Sociais, como sistema de protección social, está pensado como un elemento redistribuidor, mais parece actuar como efecto de contención de posibles convulsións sociais facendo posible que non se agudicen as desigualdades e contradicións dun sistema que condena a gran parte dos/as seus/súas cidadáns/cidadás a ser cidadáns/cidadás de segunda.
 - Isto é así porque os seus procedementos de actuación sobre os/as máis desfavorecidos/as da sociedade facendo de furgón de enganche daqueles/elas que non tiveron acomodo nos outros sistemas, produce este efecto de contención; podemos estar contribuíndo a cronificar desigualdades.

- No desenvolvemento do seu traballo os/as profesionais teñen como misión non cronificar situacións de dependencia pero por un lado son responsables da tramitación de axudas de emerxencia para atender situacións de subsistencia en persoas sen recursos alternativos, así que cada actuación debe contemplar medidas de compromiso por parte do/a beneficiario/a destinadas a saír da situación que os conduce a demandar a prestación; mais por outro lado, a experiencia indica que en moitas ocasións os/as beneficiarios/as das prestacións de emerxencia non actúan en prol da realización dun proceso de inserción laboral ou social; o/a profesional debería suspender as medidas por incumprimento pero así quedaría cronificada a situación de necesidade, ¿entón que debe facer o/a profesional: garantir a supervivencia ou extinguir se non se cumpre?.
- Por outra banda, no desenvolvemento do seu labor, os/as profesionais dos Servizos Sociais deben saber ganar a confianza dos/as usuarios/as para poder afondar na situación concreta e contribuír a solución do problema causante, pero no/a profesional concorren dúas funcións que fan difícil esta relación de confianza: o/a profesional é representante da institución e debe levar a cabo as esixencias administrativas requiridas nos procedementos de tramitación e ao mesmo tempo, debe realizar unha intervención técnica que ten como función a mediación e o apoio social.
- Esta coexistencia non é doada e, en moitos casos provoca que en lugar de función mediadora, sexa visto como con función coercitiva sendo o seu labor máis ben como burocrático-administrativo que como técnico-profesional.
 - A empatía necesaria no/a profesional vese limitada coa función de control.
- Aos/As profesionais dos Servizos Sociais pídeselles que traten de axudar ás persoas que acoden ao servizo para que non reproduzan as situacións que os/as conduciron ás circunstancias de vulnerabilidade que xeran a demanda; sabemos que unha formación académica e profesional fráxil conduce á precariedade no emprego, pero sabendo isto encamiñase aos/ás usuarios/as a subempregos/as ou a niveis de formación que poucas veces resultan útiles para a consecución dun posto de traballo estable, e isto faise así debido á situación de emerxencia establecida, non porque o/a profesional non coñeza isto.

Violencia de xénero (grave problema sen resolver), migracións sociais (inmigrantes en aumento ata hai pouco), cambios demográficos (22% de poboación envellecida), crise económica e o grave problema do desemprego, sen esquecer esas situacións emerxentes mencionadas como o ocio, o mundo tecnolóxico, empresarial, ambiental e dos medios de comunicación orixinan máis demanda por novas necesidades e novos colectivos precarizados ao mesmo tempo que se diminúen ou pretenden diminuír os recursos para atendelos.

O sistema de Servizos Sociais está en situación crítica e con el toda a sociedade; os/as usuarios/as sofren as deficiencias, os/as profesionais debemos traballar en pro do sistema cada vez máis necesario e máis útil, pero debemos facelo desde a reflexión seria, en conxunto, formando equipo xa que agora, quizais máis que nunca, ponse en evidencia que é necesaria á especialización e o traballo en conxunto.

O traballo en equipo multidisciplinar, converteuse na única forma de afrontar os novos retos nos que estamos inmersos, porque o que considerábase hai dous anos un futuro, xa é presente, xa o temos aquí, e xa nos toca dar respostas. Agora é o momento, esta é a situación, cada profesional debe atender o seu cometido con toda a atención e interese, cada un debe dar conta da súa parcela de coñecemento para poder afrontar unha situación da persoa e dos colectivos de xeito íntegro e racional; o reto é grande e, polo que sabemos, como profesionais non temos referencias de situacións parecidas polo que estamos a facer futuro, da eficacia do noso labor vai depender en boa medida a calidade de vida que nos espera, individual e social.

Os contextos na planificación da acción socioeducativa en Servizos Sociais

Proxecto de Benestar Social no Concello de Allariz.

M^a Pilar Gallego Cid¹³
Licenciada en Ciencias da Educación

Introdución

Os Servizos Sociais Municipais do Concello de Allariz comprenden un conxunto de programas, servizos, prestacións e accións orientadas a potenciar o benestar social de toda a poboación. Constitúen o nivel máis próximo aos usuarios e son o camiño de acceso aos sistemas de protección social

As liñas de actuación desenvolvidas polo Concello de Allariz dende a área de Benestar Social están guiadas polo obxectivo de garantir o dereito universal de acceso en igualdade de condicións de toda a cidadanía ao conxunto de prestacións, programas e equipamentos, destinados a proporcionar calidade de vida e a favorecer a participación da cidadanía na vida municipal, mediante un traballo educativo-preventivo.

Desde o inicio do actual Proxecto Municipal o Concello de Allariz actúa como axente dinamizador, mediante a contratación directa de persoal, introducindo criterios de eficacia, control de gasto e xestión por obxectivos o que fai necesario un traballo coordinado entre departamentos.

Na actualidade o cadro de persoal adscrito aos Servizos Sociais componse de:

- 1 traballadora social.
- 1 educadora especialista en maiores.
- 1 educadora especialista en educación, xénero e políticas de igualdade.
- 1 educadora familiar.
- 1 auxiliar de Servizos Sociais.
- 8 auxiliares de axuda no fogar.
- 1 chofer de vehículo adaptado e comida a domicilio.
- 1 auxiliar administrativo.
- 1 conserxe.

A figura do/a técnico/a responsable dos programas de dinamización socioeducativa debería encadrarse no seguinte perfil:

- Con actitudes.
- Con formación teórica.
- Con capacidade de traballar de maneira transversal e coordinada.

¹³ Concelleira de Benestar e Participación Cidadá. Concello de Allariz.

- Con capacidade de programar de forma preventivo-educativa coa poboación en xeral en ámbitos de traballo formal e non formal.

Coordínanse con outros servizos que poidan formar parte da intervención social: Servizos de Saúde, Centros Educativos (Escola Infantil, Concellerías de Cultura, Deportes, Educación, Promoción Económica).

A planificación dos programas está condicionada polas características sociodemográficas e territoriais do Concello .

Allariz é un municipio situado no centro da provincia de Ourense cunha extensión de 85 Km² e unha poboación de 6.000 habitantes, dos cales arredor de 2.500 residen na vila e o resto distribúense en 92 núcleos rurais onde habita un alto índice de poboación de idade (34 %,) que na maior parte dos casos reside soa ou con familiares anciáns. Por outra parte, no núcleo urbano rexístrase un incremento de poboación con empadramento de familias xoves con menores a cargo.

Os programas de Benestar Social teñen o seu lugar de referencia no Centro de Servizos Sociais Comunitarios, complementándose este equipamento cunha rede de 22 centros sociais repartidos por diferentes núcleos rurais ao servizo da actividade da rede asociativa.

A oferta de programas que se desenvolven dende a área social comprende:

- Atención primaria (información e asesoramento, emerxencia social, axuda no fogar, prevención e inserción).
- Atención á dependencia (comida a domicilio e transporte adaptado).
- Educación familiar.
- Programas de inserción sociolaboral para colectivos en desvantaxe: creación do Centro Ocupacional Municipal, colaboración coa asociación Puzzle, ANDREA e COGAMI.
- Participación Cidadá: creación da estrutura asociativa veciñal, con dotación de equipamentos e programas de dinamización..
- Programación de Educación e Igualdade, específica e transversal.
- Dinamización de persoas maiores.
- Programas para a conciliación da vida familiar e laboral: Concilia Verán e Aula da Espera.
- Cooperación, de maneira directa ou a través do Fondo Galego de Cooperación.

Programa de Educación Familiar

Finalidade:

O obxectivo deste programa é a intervención individualizada de carácter integral nos núcleos familiares que se atopan en risco de exclusión social. As intervencións inclúen actuacións socioeducativas, asistenciais e de inserción sociolaboral.

Tamén se levarán a cabo accións preventivas dirixidas á poboación en xeral para mellorar as súas competencias.

Contido:

Dende o inicio do programa, o Concello de Allariz atende unha media de 10 familias localizadas tanto nos núcleos rurais como na vila. O traballo educativo céntrase en concienciar da importancia da implicación do pai/nai na educación dos fillos, mediar na relación coa escola, diferenciar tempo de ocio e tempo de traballo, mellorar a asertividade, crear bos hábitos de hixiene, de limpeza do fogar e de economía doméstica.

A nivel social, infórmase ás familias sobre a utilización dos diferentes recursos para facilitar a súa participación na programación cultural, deportiva, de ocio e de busca de emprego.

Para complementar o labor individualizado dentro do núcleo, implícase a familia nas accións de intervención educativa na comunidade. Convídanse a participar na *Escola de Familias “Orella Verde”* e no programa *“Xiz de Cores”* de Radio Allariz, co que se intenta afondar en diferentes temas educativos.. Tamén acoden a diferentes obradoiros para nenos/as e adultos/as (obradoiros interculturais, autoestima).

En coordinación co departamento de educación e igualdade municipal, a educadora familiar dá apoio na preparación de dinámicas de distensión en varias sesións do programa educativo coa mocidade no IES.

Dentro da área laboral, colabora na impartición do obradoiro de Procura Activa de Emprego a persoas usuarias do programa de Educación Familiar e de Promoción Económica.

Co fin de obter máis datos e facer un mellor seguimento as familias, a educadora familiar mantén reunións periódicas con profesionais do ámbito social; como mínimo, dúas reunións semestrais cos departamentos de orientación dos centros educativos e reunións formais e informais habituais cos servizos sociais comunitarios.

Área de Educación e Igualdade

É un servizo do Concello de Allariz encargado de intervir de forma preventivo-educativo en distintas esferas desta localidade. Inclúe o fomento da igualdade de oportunidades así como da prevención da violencia de xénero e a introducción da perspectiva de xénero en toda intervención de carácter preventivo-educativo.

A área de educación e igualdade inclúe os seguintes programas:

- Escola de familias “orella verde”.

- Intervención preventivo-educativa co alumnado, familias e profesorado o IES.
- Dinamización con perspectiva de xénero no rural.

Escola de Familias “Orella verde”

O programa de Escola de Familias “Orella Verde” é un instrumento posto a disposición das familias para favorecer o intercambio de experiencias e a reflexión respecto a súas funcións educativas. Dende un enfoque preventivo preténdese dotar aos pais e nais de novos recursos que faciliten a modificación de conductas e a adquisición pautas de relación familiar saudables.

Estimular a participación das familias nos espazos que inflúen na educación dos fillos e fillas, aportar formación e información teórico-práctica como ferramenta para previr situacións non desexadas, e fomentar a relación entre as diferentes axentes (pais, nais, centros educativos e Concello) implicados no labor educativo, son os obxectivos prioritarios que se pretenden conseguir coa aplicación deste programa.

A praxe está guiada por unha metodoloxía de traballo activa, participativa, popular e significativa, coa utilización de técnicas como as dinámicas de grupo, chuvia de ideas, traballo en pequeno grupo, exposición en gran grupo e conclusións teóricas extraídas do traballo desenvolvido ao longo da sesión, que favorezan a aprendizaxe e a cohesión grupal.

Os temas a tratar seleccionaranse tomando como referencia as demandas do grupo que se irán incorporando ao esquema inicial no que se contemplan contidos que se consideran prioritarios para a educación dos nenos e nenas. Entre os temas máis traballados destacaríamos os relacionados co desenvolvemento psicolóxico e evolutivo, a familia cos seus ciclos, as técnicas de modificación de conducta e o traballo de diversos temas relacionados coa sexualidade, drogas, coeducación, saúde, os xogos etc.

A duración de cada programa coincide coa do curso escolar, cunha periodicidade dun día á semana en horario flexible para adaptarse aos obxectivos de cada sesión.

A avaliación do programa de escola de familias ten lugar en tres momentos diferenciados. A través dunha avaliación inicial, partindo dos coñecementos previos do grupo; un segundo momento que abrangue a duración do curso, e unha avaliación final para confirmar o grao de consecución dos obxectivos.

Programa educativo-preventivo coa mocidade:

Obxectivos:

- Fomentar e apoiar dende o Concello unha intervención coa mocidade coherente e responsable a través dos diferentes axentes implicados: familias, Centros Educativos e Concello.

- Traballar en coordinación co IES como forma de establecer unha relación de axuda e apoio.
- Presentar e implicar ao centro educativo en proxectos e actividades que se organizan dende esta institución e que teñen por finalidade a dotación de programas motivadores para o alumnado.
- Aportar ás familias alaricanas un lugar de encontro, debate e apoio en cuestións educativas.
- Ofertar ás familias unha formación vinculada coa educación dos/as fillos/as, con eles e elas mesmas e cos cambios sociais que vivimos.
- Ofrecer recursos ás familias para facilitar a educación dos seus fillos e fillas.
- Fomentar unha intervención realista co alumnado de Allariz a través da coordinación directa co servizo de orientación e o profesorado.

Accións:

- Intervencións mensuais cos distintos grupos da ESO en horario de titorías en base a unha proxecto relacionado coa posibilidade de que o entorno educativo ofrezca unha formación integral do alumnado.
- Obradoiros de Alfabetización Emocional cos alumnos do último ciclo de primaria.
- Intervencións ou organización de actividades máis puntuais co alumnado de Bacharelato.
- Reunións periódicas co equipo de orientación do IES.

Dinamización desde a perspectiva de xénero no rural

Obxectivos:

- Aportar unha figura que apoie a dinamización do rural.
- Fomentar un traballo dende a perspectiva de xénero para con as mulleres das AAVV.
- Fortalecer o movemento asociativo a través da intervención e apoio do Concello, fomentando en todo momento a autonomía das mesmas.
- Crear unha figura que sexa conductora entre o Concello e as AAVV .
- Traballar coas mulleres do rural a través de actividades que partan das súas motivacións, pero que ademais fomenten o seu desenvolvemento integral .

Accións:

- Intervencións semanais con tres AAVV ao mesmo tempo, en horario de tarde e cunha duración de dúas horas, ademais de todas aquelas actividades que poidan xurdir fora do pobo e que teñan cabida e interese

para asistir: excursións, visita museos Allariz, asistencia á radio municipal, exercicio físico, autoconecemento e autoestima, cohesión de grupo, creatividade, memoria,...

Área de atención á discapacidade

As accións que se levan a cabo dentro desta área teñen por obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade, procurando o seu desenvolvemento integral, mediante a realización de actividades que favorezan a súa inclusión social e laboral.

Mediante a colaboración coa asociación “ Puzzle” para a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade e a asociación ANDREA para a defensa, recuperación e estudo terapéutico da especie asnal, o Concello de Allariz puxo en marcha o Centro Ocupacional Municipal para traballar coas persoas en desvantaxe, nas seguintes áreas:

- Formación académico-funcional.
- Atención e intervención socio-familiar.
- Obradoiros ocupacionais e prelaborais.
- Axuste persoal e social.
- Orientación profesional.
- Rehabilitación psicosocial.

Obxectivos:

- Favorecer a autonomía persoal e social das persoas con discapacidade, potenciando a súa autoestima e responsabilidade.
- Adquirir habilidades, coñecementos e formación necesaria para o mundo laboral.

Accións:

- Información e asesoramento.
- Tramitación de axudas.
- Terapia ocupacional.
- Formación laboral.

Programas:

- Recollida selectiva de lixo.
- Elaboración de xabóns con leite de burra.
- Horto ecolóxico de plantas medicinais, aromáticas e do bosque.
- Programa Integratex (convenio de colaboración entre Inditex e COGAMI) para a inserción laboral en tendas de Outlets.

Programas de conciliación familiar e laboral

Aula de espera

A aula de espera é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais dos escolares a posibilidade de contar cun recurso educativo e asistencial con anterioridade ao inicio do horario lectivo.

Este proxecto xorde da necesidade que teñen algunhas familias para atender aos seu fillos/as durante o período de tempo comprendido entre a incorporación ao seu traballo ata a entrada dos nenos e nenas do ao C.E.I.P. .

Obxectivos:

- Ofrecer unha solución ao problema da incompatibilidade de horarios laborais e escolares á primeira hora da mañá
- Fomentar a coeducación
- Ensinar normas de educación e convivencia
- Favorecer hábitos saudables na súa alimentación
- Motivar cara unha boa predisposición ás súas clases

Metodoloxía:

Deberá ser flexible e aberta á participación mediante o xogo, dinámicas de grupo, o fomento da creatividade, ambiente estimulante...

Concilia verán

O Concello de Allariz como institución máis próxima á cidadanía asume o compromiso de ofertar solucións aos problemas e novas necesidades dos veciños e veciñas que residen no municipio

Coa chegada de novas familias con fillos/as en idade escolar, faise necesario ofertar servizos que axuden a conciliar a vida privada e laboral. Este programa ofrece a posibilidade de contar cun novo recurso de atención a infancia nas datas de vacacións de verán (xullo e agosto).

Esta proposta está concibida dun xeito transversal, participando as Concellerías de servizos sociais, cultura, educación, medio ambiente, deportes, e novas tecnoloxías, mediante o desenvolvemento dun proxecto socioeducativo e de lecer.

Obxectivos:

- Ofertar unha proposta de solución ao problema da incompatibilidade.
- Crear unha alternativa de ocio infantil.
- Facilitar propostas de tempo libre onde desenvolver hábitos de convivencia.
- Favorecer o coñecemento das novas tecnoloxías.

- Coñecer o noso entorno.
- Afondar en temas transversais como a coeducación, medioambiente, deporte, saúde....

Metodoloxía:

- Principio de xogo.
- Principio afectivo e de relación.
- Principio de socialización.
- Principio de creatividade.

Actividades:

- Actividades Aula de Espera: tempo de soño, xogos e almorzo.
- Xogos e actividades deportivas.
- Obradoiro interxeneracional.
- Ludoteca.
- Actividades na auga.
- Novas tecnoloxías.
- Sendeirismo.
- Visitas culturais.

Experiencias do Concello de L'Hospitalet de Llobregat.

*M^a Rosa Monreal Bel¹⁴
Educatora Social*

Introducción

Las necesidades expresadas por las personas son aquéllas percibidas desde su subjetividad y desde su papel en el marco de su familia y de su comunidad, si es que ese ciudadano tiene algún tipo de red social. Las necesidades sociales marcan desde su inicio nuestro trabajo social y nuestras políticas sociales.

Es necesario resaltar que tenemos que hablar de género y de cotidianidad, ya que es el rol femenino dentro del grupo familiar (o el rol del que ayuda, del que cuida, del que desea mejorar, del que todavía está en una fase previa a la claudicación...) quien ejerce el liderazgo y quien acaba expresando las necesidades de la familia.

En realidad, la vida cotidiana es antagónica con lo extraordinario y también con lo heroico, (que tiende más a protagonizar el sexo masculino). Cuando recordamos la hazaña de los dos bomberos españoles en la catástrofe natural de Haití, su proeza nos reconcilia con valores como el altruismo, la generosidad y el sacrificio (en su calidad de ideales del humanismo), pero esos hechos y el valor que le otorgamos parecen una rara avis en la vida cotidiana. La cotidianidad tiene su origen en lo diario, y en ese día a día encontramos a mujeres que expresan sus necesidades y también que escuchan.

En los servicios sociales de atención básica (nueva denominación a partir de la actual ley de servicios sociales)¹⁵ que tenemos en la ciudad de Hospitalet se atiende mayoritariamente a mujeres que a su vez son madres de familia. Son las que en mayor medida se presentan al servicio y las que inician el camino de la relación asistencial¹⁶ i/o educativa, según sea la política social del momento, que tratan de mejorar cualitativamente su entorno familiar, que expresan sus necesidades, y esperan nuestra ayuda y nuestra escucha atenta.

Hay tres espacios donde confluyen esas mujeres y esa cotidianidad. El primero es en el marco del trabajo técnico municipal que afectaría a las profesiones aquí congregadas (trabajadora social, educadora social, psicóloga)¹⁷. Este espacio permite crear situaciones de confianza, desconfianza, confidencias, recelos; en fin, un escenario que permite que esa mujer pueda explicarnos su vida y nosotros ganarnos su confianza... El segundo espacio sería su domicilio, imprescindible en la práctica del trabajo social, entendido más allá de la disciplina y en su vertiente de trabajo en equipo. El domicilio, que necesita del máximo respeto por parte del profesional y es un

¹⁴ Cap de Centre Àrea Bàsica de Serveis Socials. Districte V Pubilla Casas-Can Serra. Ajuntament de L'Hospitalet de Llobregat

¹⁵ Llei 12/2007 d'11 d'octubre de serveis socials de Catalunya.

¹⁶ En opinión de Salzberger-Wittenberg (1970, p.15) "el primer encuentro de la asistente con el entrevistado constituye una experiencia nueva para ambos, por averiguar quién es el otro".

¹⁷ Llei 12/2007 d'11 d'octubre de serveis socials de Catalunya.

espacio donde la persona se nos muestra tal y como es, con sus capacidades e incapacidades, y por eso es imprescindible en la valoración diagnóstica. El tercero, el externo al sujeto, ya sea la escuela, las asociaciones o el centro de salud... los espacios públicos donde circula el ciudadano.

Debemos tener siempre presente estos tres espacios de la vida cotidiana de las personas puesto que aportan al profesional una visión de conjunto para su valoración inicial o diagnóstica e incluso para la posterior evolución de nuestra relación con ellas.

El proceso de trabajo educativo nos lleva a otro escenario, el siguiente espacio es complejo de explicar, se trata del espacio de la reflexión que se ha de dar necesariamente por parte del ciudadano y también por parte del profesional. La reflexión, el pensar en el otro. Por tanto, no es posible analizar ni valorar a una persona respecto de su necesidad sin su marco de relación habitual (domicilio) y evidentemente sin una reflexión profesional.

El siguiente paso será la devolución al ciudadano de las primeras conclusiones a partir de las cuales deberemos marcar un plan de trabajo, con compromisos (objetivos y metodología) y este nuevo encuentro se produce habitualmente en el despacho de entrevistas del técnico municipal, y será a partir de entonces que iniciaremos el plan de trabajo.

Todo este procedimiento puede estar marcado por la extraordinariedad, entendida en su segunda acepción, de añadido a lo ordinario y por tanto cercano a los parámetros de calidad de la acción social, si como reflexiona el antropólogo Marc Auge (1998) en todas las actividades hay algo de rito y de costumbre, la percepción que tienen los implicados es completamente distinta: “Toda actividad ritual es reiterada, regular y sin sorpresas para todos aquellos que la observan o están relacionados con ella de manera más o menos pasiva, y siempre única y singular para cada uno de aquellos que intervienen en ella más activamente”. Un sujeto que se sienta acompañado y comprometido, participe de los acuerdos de un plan de trabajo mejora su calidad de vida y el técnico mejora su praxis profesional.

Cuando los espacios de vida cotidiana del ciudadano han de ser compartidos con la Administración en forma de acción socio-educativa se crean proyectos de corresponsabilidad, podríamos comentar dos iniciativas que he conocido de cerca. La primera denominada “Projecte Clau” (Proyecto Llave) y la segunda “Xarxa de 0 a 6 anys” (Red de 0 a 6 años).

Si atendemos al texto redactado por las autoras de la primera propuesta seguramente la entenderemos mejor¹⁸. El Projecte Clau surge cuando las escuelas públicas de primaria observan un aumento importante de retrasos en las recogidas de los alumnos en las tardes y cuando, al mismo tiempo, detectan que un número creciente de niños se marchan solos y están en casa o en la calle solos hasta la noche, provocando

¹⁸ Escorne, J. y Cerda, N. (2008). “Treballeem en xarxa en el Sistema de serveis socials”. *VII Jornades de serveis socials d'atenció primària*. Barcelona.

situaciones en las que esos menores deben ocuparse de sus hermanos más pequeños. Es importante señalar que este proyecto es el resultado de una experiencia de años de coordinación y colaboración entre los servicios sociales, tanto de las escuelas del distrito como con los “Esplais” (entidades de tiempo libre) de La Florida¹⁹; “una experiencia que ha permitido que el proyecto se inscriba dentro de un marco de corresponsabilidad de diversos agentes implicados en cuanto a la atención socioeducativa de los niños del barrio”.

El proyecto ha dado lugar a un servicio municipal, tal como explica la intranet del ayuntamiento, que se lleva a cabo en diferentes “Esplais” de la ciudad de Hospitalet, orientado al desarrollo de actividades socioeducativas y de refuerzo escolar.

“Los ‘Esplais’ que prestan este servicio son: Club d'Esplai Xixell, Associació Educativa Ítaca, Agrupament Escolta Quico Sabaté, Club d'Esplai La Florida, Centre d'Esplai Can Serra, Club d'Esplai Pubilla Casas, y se dirigen a niños de 3 a 12 años que, una vez finalizado el horario escolar, se encuentran sin un referente adulto a la salida de la escuela. Se puede solicitar el servicio a los profesionales del Área Básica de Servicios Sociales” (www.l-h.cat)

El proyecto ha suscitado varias ideas clave:

“Es importante que las familias conciban este proyecto como un soporte que se les facilita en la medida que lo necesiten, el cual complementa temporalmente sus funciones educativas. Eso implica que las familias deberían comunicar cualquier cambio en los horarios o en la estructura familiar, así como en los ingresos, cualquier cambio que suponga un reajuste de esta complementariedad que les ofrecemos. Lograr esta relación de confianza con las familias es una labor educativa que deberemos realizar cada uno de los agentes implicados para que el proyecto pueda obtener el objetivo de garantizar que ningún menor se quede sin un referente adulto”

“El desarrollo del proyecto ha mejorado sin duda el conocimiento de los servicios, ha hecho más estrecha la colaboración entre ellos y ha favorecido la corresponsabilidad en la atención y detección de las necesidades de los chavales del barrio desde una vertiente preventiva”

No voy a profundizar más en el proyecto, que podéis encontrar en la bibliografía, pero sí quiero reflexionar con vosotros este ejemplo:

- Cuando existe el trabajo educativo con los agentes del territorio, lo llamamos trabajo en red, fruto de ese trabajo se dan proyectos de colaboración y de optimización de recursos pensando en las necesidades de, en este caso, los niños y sus familias. El proyecto CLAU cumple con esta premisa.
- El proyecto CLAU, en la actualidad, es un proyecto de ciudad, por eso está incorporado en la intranet municipal, hay acuerdos económicos con las entidades de tiempo libre y las escuelas públicas y concertadas saben que cuentan con este recurso.

¹⁹ Barrio, Distrito IV del Ayuntamiento de l'Hospitalet.

- CLAU cuenta con múltiples espacios de evaluación del proyecto: comisiones territoriales del Área de Educación (Ayuntamiento) y de la Conselleria de la Generalitat de Catalunya, se reúnen en cada Distrito de nuestra ciudad y evalúan los proyectos educativos y sociales que se llevan a cabo. También cada Área Básica de servicios sociales tiene un técnico que es el referente de dicho proyecto y cada año se evalúan y se proponen mejoras adaptadas a las necesidades de dicho territorio.
- El consolidar un proyecto, y este ejemplo me permite reflexionar al respecto, depende de muchas variables, como ya se ha dicho el origen técnico y de gran constancia de trabajar en red por parte de una educadora social, respaldada por todo el equipo de profesionales y con el respaldo de la cap del centro. Sin esta complicidad, el resto del Staff organizativo y la decisión política, sobre el proyecto se vería fracturado o no avanzaría, cuando en el territorio un proyecto se mantiene, hay más probabilidades que se escuche más allá del mismo territorio.

Xarxa de 0 a 6 años, hace dos años que estamos trabajando con una idea, nada nueva, crear un espacio de trabajo y relación profesional de los agentes del territorio que trabajamos con niños de 0 a 6 años y sus familias.

Desde la creación de la escuela bressol²⁰ del barrio, que gestiona una empresa y tiene titularidad pública, y depende del Área de Educación del Ayuntamiento de l'Hospitalet, iniciamos un acercamiento: dos trabajadoras sociales se reunieron con el equipo docente y su dirección.

La primera fase, que duró un curso escolar, no fue grata para ambas partes y el acercamiento se congeló. Pasamos a ver conjuntamente y con otros agentes dónde estaban las dificultades: la empresa gestora no conocía el barrio, las docentes y su dirección necesitaban más formación sobre cómo trabajar con familias del barrio.

Entramos en la segunda fase con implicación de Educación, las Trabajadoras sociales, la cap de centro, el centre de atención educativa precoz del barrio. Dicha implicación supuso trabajar coordinadamente sobre el día a día de muchas familias con necesidades sociales, mientras crecíamos en discurso común, trabajo técnico común, reuniones para trabajar y evaluar objetivos del proyecto común, que sin duda era la coordinación y el trabajo en red.

Cuando se consolidó este trabajo, quisimos aprovechar ese conocimiento mutuo y ampliar sus posibilidades, se conectó con las trabajadoras sociales de los centros de salud y, entonces, el barrio contó con dos recursos municipales más: el espacio "Respir"²¹ y el Espacio familiar²². Aprovechar esta circunstancia nos dio la oportunidad

²⁰ Nombre que responde a guarderías municipales de 0-3 años.

²¹ Espacio Respir: Es un servicio municipal y gratuito de ayuda a las familias con niños menores de tres años no escolarizados, que garantiza el cuidado del niño durante unas horas a la semana o esporádicamente. Familias con niños de 6 meses a 3 años, con sobrecarga que necesitan un apoyo

de hacer una reunión de trabajo, con el objetivo de conocer estos dos nuevos espacios y relacionarnos. La Responsable técnica de infancia y la cap de centre del barrio organizamos el encuentro, con la asistencia de: profesionales del centre de atención precoz, profesionales de salud (pediatras, enfermeras...), profesionales del centro de atención psicológica para infancia, profesionales del equipo técnico de servicios sociales, docentes de la escuela bressol municipal, técnicos del Área de educación... cerca de 25 agentes de territorio que trabajamos para la infancia de 0-6 años. Y como decía aún esta por consolidar y proponernos nuevos retos.

¿Qué retos habrá que superar para poder diversificar espacios de intervención?

- Establecer un espacio clarificado, ya que en la actual Ley de servicios sociales no se especifica, entre primera atención de trámites y gestiones, y la atención más cercana a la valoración y detección de necesidades. El actual marco legislativo en Catalunya mantiene, a mi modo de ver, la continuidad de ideas anteriores: con la máxima de la proximidad a los barrios, el ciudadano puede disponer de profesionales muy cualificados²³ en una atención directa e inmediata. Dichos profesionales, cuando son los referentes de la persona (o también del expediente administrativo), inician el proceso metodológico vinculado a su profesión, pero también los trámites administrativos, las gestiones administrativas. Esa confluencia de trabajo profesional, y trabajo administrativo es a mi entender un reto a superar si es que se quiere optimizar el rendimiento del saber de un profesional. Como dijo el sociólogo del IGOP, Óscar Rebollo, en el marco de las 8 Jornadas de servicios sociales de Cataluña, “escoger entre la minoría con grandes necesidades y la mayoría satisfecha es el dilema del profesional”. Mi opción no es que el profesional tenga que tomar dicha decisión, pero sí que los gobiernos locales la tengan en ordenar y organizar la atención social en base a los diagnósticos territoriales, de las necesidades de la población y los déficits estructurales. En estas valoraciones técnicas serán imprescindibles los profesionales del territorio.
- El reto a superar en relación al género, dos apuntes:
“La oferta de servicios sociales con financiación pública en Catalunya es insuficiente. Eso quiere decir que la provisión de bienestar de las personas dependientes recae en las mujeres. La disminución del potencial de cuidado en incorporarse al mercado de trabajo y los cambios familiares, constituyen un claro desafío para las políticas de servicios sociales” (Adelantado, 2007).

puntual en el cuidado de los pequeños. Derivados por las Áreas Básicas de Servicios Sociales de la ciudad.

²² Espacio familiar: Es un servicio municipal de encuentro y relación para familias con niños de 0 a 3 años. Un lugar pensado para que los niños y niñas puedan jugar, experimentar, compartir y relacionarse con otros pequeños y adultos. Un espacio abierto de consulta familiar sobre el cuidado de hijos e hijas a cargo de profesionales especializados.

²³ Diplomados en educación social, Diplomados en trabajo social y Licenciados en Psicología.

El sociólogo P. Adelantado nos teoriza las impresiones recibidas como técnicos de servicios sociales y nos propone una explicación en todo su artículo, el reto está en manos de quien decida en tomar dicha responsabilidad.

El ser áreas laborales feminizadas (las áreas de bienestar social) donde la conciliación de la vida familiar y laboral prevalece a la conciliación entre la vida laboral y profesional. La opción legal entiende que solo hay dos espacios para el desarrollo personal de la mujer, cuando estamos desarrollando y ejecutando políticas sociales, y es necesario ejercer la profesión más allá del espacio laboral o dentro del espacio laboral. El/la profesional es aquel/aquella que piensa en su profesión más allá de su horario laboral. El pensar y el crear, no sabe de horarios laborales, para poder desarrollar la profesionalidad, se ha de dar la oportunidad de ser profesional más allá del ámbito familiar y laboral. Este reto implica a toda la sociedad²⁴.

- El reto en los servicios sociales de Hospitalet en la atención social incorporando el proyecto de medio abierto²⁵, más cercano a interactuar con los chicos de 12 a 18 años y sus familias, en otros espacios de intervención: los lugares donde circulan los chicos y chicas, el espacio en medio abierto o el espacio público. El reto nos supone planificar, por un lado la atención social a una infancia en riesgo y mantener los protocolos para un proceso de trabajo correcto a las normas vigentes. Y por otro lado, diversificar la atención: trabajando con las asociaciones de vecinos, con la escuela de formación reglada para adultos, experimentando con una asociación teatral nuevas formulas de teatro social con adolescentes, planteando el deporte virtual²⁶ como un espacio de referencia donde los chicos se encuentren con los educadores sociales.
- El reto de tener como ya he dicho anteriormente, profesionales cualificados y en formación permanente, la cual es necesaria por las novedades emergentes que ofrece la sociedad. La atención básica está regulada y denominada como puerta de entrada al Sistema de servicios sociales. La atención especializada, en cambio está regulada para que su acceso sea según la derivación que hace un profesional de la atención básica, tras su valoración técnica. Tras dicha explicación, es necesario saber la saturación que se da en la llamada, puerta de entrada, respecto a un número de plazas, acotado, de los servicios especializados. Esta situación no se ha resuelto en el marco legislativo. La Generalitat de Catalunya, da competencias a los ayuntamientos para gestionar dicho embudo de circuito

²⁴ Teniendo en cuenta el actual marco legislativo sobre conciliación.

²⁵ Proyecto de medio abierto en marco de ciudad y a desarrollar en el Área de Bienestar Social, cada Cap de centro dispone en su equipo de 2 a 4 Educadores Sociales con un encargo, unas condiciones laborales específicas para poder ejecutar dicho proyecto. Los proyectos de cada Área de Servicios sociales han de ser respondiendo al diagnóstico de necesidades socioeducativas del barrio.

²⁶ Proyecto de medio abierto de los servicios sociales distrito V. Ayuntamiento de l'Hospitalet.

asistencial y, tras la nueva ley, se genera una cartera de servicios sociales que no se ha ampliado proporcionalmente. Entonces en los servicios sociales básicos se van ampliando el número de expedientes administrativos cuya necesidad excede la atención básica, pero que no tienen, aun, respuesta del servicio especializado, la responsabilidad es claramente del marco legislativo insuficientemente dotado presupuestariamente²⁷. Es justamente el presupuesto, el que garantiza un derecho. Es imprescindible decir que el ciudadano no puede escoger, porque el mismo sistema le dice cuál es el servicio especializado al que tiene que acudir. Ante esto es posible que el ciudadano tenga necesidades no resueltas y se fomente y se genere un mercado privado paralelo.

- El reto es crear y pensar otras soluciones desde la práctica cotidiana del día a día en un centro de servicios sociales, y trabajar con los técnicos municipales. Si, personalmente, he buscado respuestas a inquietudes en el marco legal y ahora he buscado respuestas en el staff donde estoy formando parte. Finalmente he llegado a una primera conclusión, y siguiendo el refranero “quien busca, halla”. Y, desde la corresponsabilidad profesional, estamos con el equipo instaurando una forma de trabajar en equipo buscando alternativas a las necesidades emergentes que se presentan en el territorio.

Ejemplo: A raíz de reuniones individuales con cada técnico (5 trabajadoras sociales, 5 educadores sociales, 1 psicóloga) y de las reuniones semanales de equipo, se evidenció una nueva realidad en nuestro barrio, las mujeres de origen marroquí estaban cambiando su posición ante la demanda asistencial: en sus orígenes eran mujeres independientes que trabajaban y sólo buscaban un soporte económico en la administración, siempre habían excepciones. La realidad actual nos colapsaba con mujeres sin trabajo y con varios hijos, muy dependientes de los ingresos económicos de los hombres y sin expectativa personales, ni como mujeres ni como madres.

En nuestro barrio existe un trabajo transversal, varias entidades y el ayuntamiento nos reunimos periódicamente sobre el tema común: el trabajo en el barrio. Es en este escenario que las 3 Educadoras Sociales de medio abierto, los 2 educadores Sociales y las 5 trabajadoras sociales inician un trabajo de colaboración, para en menos de 15 días, valorar un posible grupo de mujeres, que serán acompañadas a un servicio de inserción laboral que cuenta con 2 mediadoras interculturales que trabajan la inserción laboral, y la escuela de adultos también colabora con dicha idea. Toda se gesta en dos semanas y se decide a poner en marcha, manteniendo el volumen de trabajo habitual.

²⁷ Estas reflexiones son a partir de la participación en las 8 Jornadas de servicios sociales básicos 26 i 27 de mayo de 2010 Organizadas por los tres colegios profesionales. Pagina Web. Aportaciones de ponentes del escenario de trabajo del Marco Legal. Antoni Vila y José Adelantado.

Para complementar dichas sesiones, en el equipo hemos querido formarnos sobre la mujer marroquí, y para ello contamos con una sesión de trabajo e intercambio de saberes con la socióloga que nos hace de intérprete en las entrevistas individuales con dichas mujeres.

Aun hemos de valorar dicha experiencia pero valía la pena transmitirnos que quién busca encuentra.

BIBLIOGRAFÍA:

Adelantado, J. (2007). "La política de servicios sociales". *Societat catalana 2007*, 279-295.

Associació catalana de sociologia-Institut d'Estudis Catalans, Barcelona.

Auge, M. (1993). *Los no lugares*. Barcelona: Gedisa.

Auge, M. (1998). *El viajero subterráneo*. Barcelona: Gedisa.

AAVV (1993). *Lectura de antropología para educadores*. Madrid, Ed. Trotta.

AAVV (2008). *Libro de actas de las VII Jornades de serveis socials: Treballem en xarxa en el sistema de serveis socials*. Barcelona.

Fantova, F. (2009). *Manual para la gestión de la intervención social*. Madrid: CSS.

Llena, A. y Parcerisa A. (2008). *La acción socioeducativa en medio abierto. Fundamentos para la reflexión y elementos para la práctica*. Barcelona: Graó.

Salzberger-Wittenberg, I. (1970). *La relación asistencial*. Buenos Aires: Amorrortu Editores.

Ubieto, J. R. (2009). *El trabajo en red. Usos posibles en educación, salud mental y servicios sociales*. Barcelona: Gedisa.

A acción socioeducativa no Concello de Ponte Caldelas. Relatorio dunha experiencia no medio rural galego.

*Eva M^a Moldes Casal²⁸
Educatora Social*



O concello e as escolas (nenos e nenas)

O contexto

O Concello de Ponte Caldelas está situado na provincia de Pontevedra, linda ao norte co Cotobade; ó sur con Fornelos de Montes e Soutomaior; ó leste coa Lama e ó oeste coa cidade de Pontevedra, da que dista 15 km.

É un municipio de interior, rural cunha superficie de 87km²; formado por 9 parroquias: Santo André de Anceu, Santa María de Castro Barbudo, Santa María de Caritel, San Fiz de Forzáns, Santa Mariña da Insua, San Martiño de Xustáns, Santiago de Taboadela, Santa María de Tourón e Santa Eulalia de Ponte Caldelas, parroquia na que está a vila de Ponte Caldelas. Caracterízase por unha gran dispersión xeográfica. O concello ten unha poboación de 6.510 habitantes, cunha densidade media de 74,83 habitantes por km². Do número total de habitantes, un 51,14% son mulleres e un 48,86% son homes.


A situación xeográfica do Concello de Ponte Caldelas é un factor determinante na súa configuración económica. Moi próximo ós circuitos da economía dinámica das Rías Baixas, apenas sufriu a despoboación habitual dos concellos do interior de Galicia. A súa base económica descansa sobre o sector terciario, onde se sitúa a maior parte da poboación ocupada; representado principalmente na vila e centra numerosos servizos de tipo administrativo, comercial, educativo, de turismo rural, de lecer, etc. O sector secundario está representado por industrias fundamentalmente manufactureiras e de construción. O tecido industrial ampliouse coa implantación dun parque empresarial, o “Polígono da Reigosa”, cunha superficie de 500.000m². Moita da poboación dos núcleos rurais se adica a agricultura, sendo esta ocupada polos grupos de maior idade.

A división territorial do Concello de Ponte Caldelas comprende un total de 37 entidades de poboación caracterizadas por unha gran dispersión xeográfica. Este dato é de relevancia no tocante a temática deste curso de verán, xa que, tendo en conta os colectivos cos que se traballa habitualmente en Servizos Sociais, compre sinalar que na maioría dos casos non dispoñen de medios para desprazarse aos lugares onde se realizan a maior parte das

²⁸ Educadora social de Servizos Sociais. Concello de Ponte Caldelas.

actividades sociais e culturais (centralizadas a miúdo na vila), o que dificulta o acceso habitual aos Servizos Sociais. Neste sentido, detectamos que as persoas que viven na proximidade teñen un maior uso de dito servizo e un maior coñecemento dos recursos sociais que ás que viven en zonas rurais. Isto supón unha situación máis a ter en conta, cara a unha nova conceptualización na metodoloxía, na descentralización de espazos de traballo e na coordinación cos diferentes axentes sociais.

Representación gráfica 1. Localización xeográfica Concello de Pontecaldelas.



En Ponte Caldelas un 84% da poboación vive nos núcleos rurais, o que significa que moitas das 5.495 persoas que forman esta porcentaxe teñen dificultades para acceder en igualdade de condicións aos espazos tradicionais onde se desenvolven accións sociais; isto motivou a centrar case todo o traballo de intervención social e educativa nos domicilios en caso do traballo coas familias. Esta situación supón en moitos casos primeiro: superar esa “incursión” nun espazo privado, segundo tratar de “naturalizar” ese feito, e terceiro “resolver” a desvantaxe que supón dirixir a intervención ás persoas que habitualmente están nos domicilios (as mulleres, as persoas anciáns, e, segundo os casos, os menores²⁹). Para nós este derradeiro aspecto sempre se tivo en conta na programación do traballo, xa que non só se traballa de forma sesgada³⁰, senón que pode levar unha mensaxe implícita de xénero; sobrecargando ás nais e as mulleres nas responsabilidades de crianza e coidados da familia.

Por outra parte, o traballo vai dirixido a un núcleo familiar concreto ou a unha/s persoa/s en concreto, e a experiencia de todos estes anos avala que se este traballo se reforza con actividades comunitarias, con experiencias sociais e de medio aberto, coa creación de redes, coa aproximación dos servizos e recursos aos núcleos máis illados e persoas e colectivos máis desfavorecidos, coa facilitación de medios para fomentar o acceso de todas as persoas en igualdade de condicións aos recursos comunitarios, coa coordinación dos diferentes perfís profesionais... É necesario converter eses espazos cotiás nun contexto onde desenvolver as potencialidades da familia, trátase de transformar a experiencia diaria


²⁹ Do sexo feminino tamén por grupo de idade.

³⁰ En función do sexo e do nº de membros da familia a quen se dirixe a intervención directa.

nunha experiencia positiva que permita asumir responsabilidades, tomar decisións e construír alternativas positivas³¹.

Considerando estes aspectos, o traballo que levamos a cabo os/as profesionais da educación social vese considerablemente mellorado na consecución de obxectivos e promove a saúde integral da persoa, da familia e da comunidade (tamén a da propia persoa educadora).

Representación gráfica 2. Distribución poboacional do Concello de Ponte Caldelas.



O Concello de Ponte Caldelas foi mellorando progresivamente en canto á dotación de servizos e recursos municipais, así como no apoio prestado en orientación e asesoramento para a creación de novas posibilidades de accións sociocomunitarias. Na actualidade, e de xeito resumido o concello está configurado por:

- Servizos Sociais Comunitarios e Centro de Información ás Mulleres³²: contan cun espazo propio de traballo e está formado por unha traballadora social, unha educadora social (PEF³³), unha avogada e unha psicóloga³⁴. O espazo é empregado tamén pola técnica do PGIS que se despraza dende a oficina I+B de Marín³⁵.
- Servizos Socioculturais: situados no Centro Cultural, no Centro Arqueolóxico e no Centro de Información Turística. Está formado por un coordinador sociocultural-informador xuvenil, una dinamizadora sociocultural, unha responsable de biblioteca municipal e unha técnica responsable de información turística.
- Servizos de Promoción de Emprego: conta cunha axente de emprego e desenvolvemento local.
- Servizos Administrativos Xerais.

³¹ (Llena e Parcerisa 2008): En páx. 17 do Documento Borrador, “Bloque III: Metodoloxías da acción educativa con familias” do Programa Marco da Ed. Familiar.

³² CIM: Servizos Sociais Específicos, integrados nos Comunitarios.

³³ PEF: Programa de Educación Familiar.

³⁴ Contan con formación especializada en xénero e prevención de violencia contra as mulleres, en perspectiva sistémica e anos de experiencia en diversos campos de intervención.

³⁵ PGIS: Plan Galego de Inclusión Social e I+B: Igualdade e Benestar.

- 🕒 Servizos para a Infancia: ubicado no Centro Lúdico- Educativo, onde está situada a Escola Infantil³⁶ e a Ludoteca Municipal.

O Concello dispón dos seguintes espazos públicos e comunitarios para desenvolver estas e outras actividades: un Centro de Servizos Sociais Comunitarios, un Centro Cultural (onde está a biblioteca municipal, a oficina de información xuvenil, o centro de maiores, un salón de actos, unha sala polivalente e varios espazos destinados a diversas actividades sociais e comunitarias), un Centro Polivalente (equipado para formación de persoas adultas e formación permanente), unha Escola Infantil e a Ludoteca Municipal, e Instalacións Deportivas cunha escola de fútbol e unha escola de tenis. En canto a recursos de educación formal integrados na Consellería de Educación, o municipio conta: cunha Escola Unitaria, dous Centros de Educación Infantil e Primaria e un Instituto de Educación Secundaria. Hai una Escola Infantil privada situada na vila e se ten previsto abrir unha nova fóra de núcleo urbá.

Na área sanitaria, hai un centro de saúde, un centro de día e residencia para persoas maiores (de carácter privado) e se ten previsto a apertura dunha vivenda comunitaria para persoas con discapacidade³⁷.

Outros recursos sociocomunitarios son os diferentes locais sociais ou casas de pobo que hai nas diferentes parroquias; delas disfrutan as diferentes comunidades de montes, asociacións veciñais, socioculturais... Na actualidade se está a crear unha asociación de mulleres que procura maior participación social, o empoderamento das mulleres do rural, a creación de redes, o traballo medioambiental, a recuperación de valores patrimoniais e históricos relacionados co femininio, visibilizar a capacidade creativa das mulleres, e erradicar o illamento e soidade que viven moitas das mulleres da nosa zona.

Servizos Sociais e Educación Social: un pouco de historia e reflexións. Os programas de Educación Familiar

Dende os Servizos Sociais Comunitarios de Ponte Caldelas levamos un tempo tratando de rachar coa imaxe tradicional dos Servizos Sociais, como servizos asistencias, de consumo pasivo, ou de control. Dende o ano 1999 no que comeza o PEF neste Concello³⁸, se integra a profesión de educación social no Servizo. Se forma un equipo multidisciplinar que enriquece o traballo das persoas técnicas e se mellora a atención á comunidade coa diversidade de competencias profesionais e a maior especialización en cada área de actuación. Tamén nesta época xa se conta cunha asesoría xurídica e psicolóxica.

Nos primeiros anos de implementación do PEF o traballo se dirixía exclusivamente ás familias con menores ao seu cargo; así o estipulaba a Orde que regulaba o programa e que tamén contemplaba ás diferentes profesións que podían responsabilizarse da intervención (os/as educadores sociais tardamos algúns anos en ser considerados profesionais

³⁶ A Escola Infantil “A Galiña Azul” está integrada na rede de Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

³⁷ Dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Traballo e Benestar)

³⁸ Nos primeiros anos mancomunado.

prioritarios para este traballo, e en moitos casos eramos só executores non xestores do mesmo³⁹).

Pero o programa en Galicia comezou no ano 1994, naquel momento a súa denominación era “Programa de educadores familiares e de asistencia domiciliaria aos nenos”. Debido a que a carreira de educación social foi coñecida paseniñamente en Galicia, o perfil profesional que demandaban as corporacións locais eran: “mestres, psicólogos, pedagogos e traballadores sociais”. A introducción do perfil de educación social, configura un novo xeito de traballo, en canto a metodoloxías, áreas de intervención, funcións e roles do persoal técnico, diversificación e adaptabilidade dos tempos, espazos, técnicas... en función das características da familia coa que se traballa, das do municipio que contrata, do equipo que acolle, e do momento espazo temporal que se vive. E como non, da propia experiencia persoal, formativa (académica e a motivada polo interese persoal) e laboral das e dos educadores sociais que se integran no programa.

A heteroxeneidade das materias do curriculum e as diferentes especializacións na Diplomatura de Educación Social, se primeiro se pensaban un atranco para desenvolver este traballo, se convertiron, ao meu parecer, nunha ferramenta útil para lévalo a cabo. Tendo en conta que as familias adoptan múltiples composicións e tipoloxías, diferentes dinámicas relacionais, e se poden atopar en diferentes ciclos vitais é obrigado repensar novas formas de intervención cunha perspectiva máis aberta e enriquecedora. Por outra parte é necesario ter en conta o contexto onde se traballa e a idiosincrasia do meso, e as materias de atención comunitaria son unha base para o deseño e planificación do programa.

A perspectiva de xénero é outra ferramenta de gran utilidade para comprender as diferentes situacións familiares e sociais; O feminismo traballou de forma prioritaria os cambios de relacións na institución familiar para promover relacións máis xustas e igualitarias; un dos seus obxectivos foi a transformación da vida e das familias dos países occidentais, afectando á muller e ao home na súa vida cotiá. As desigualdades en función do xénero comezan a desenvolverse na familia: as relacións de parentesco, as relacións entre os sexos na parella, a paternidade, a maternidade, a atribución dunhas tarefas ou outras en función do mesmo, etc. Por outra banda ás persoas que se acercan aos Servizos Sociais son maioritariamente mulleres todos estes aspectos son prioritarios a ter en conta no traballo de intervención socioeducativa coas familias e no contexto sociocomunitario. Na miña opinión deben ser unha materia transversal e non eludila no traballo do eido familiar e social.

En canto á poboación destinataria de accións socioeducativas, o cambio da concepción dos Servizos Sociais e as problemáticas que afectan á sociedade moderna obriga a remarcar que é un servizo que se debe prestar a todo o conxunto da poboación da comunidade; esta nova concepción das funcións dos Servizos Sociais rexeita a perspectiva viciada dos Servizos Sociais como recursos exclusivos para pobres, excluídos e problemáticos. A

³⁹ Polo que non contábamos na toma de decisións para marcar ás directrices do programa. Respecto a isto había unha gran variabilidade na situación dos/as profesionais dun concello a outro. Aprendimos por ensaio-erro e pola creación da rede que xordeu de maneira espontánea entre os profesionais (o primeiro xerme foi a creación da Asociación de Educadores/as Familiares de Galicia). Anos máis tarde a resposta ás demandas foi a creación do Programa Tecendo Redes.

diversificación dos espazos, conleva a que o traballo se dirixa a procesos de prevención e intervención socioeducativa na comunidade (ISC).

É competencia dos Servizos Sociais orientar e promover hábitos de vida saudables para toda a poboación do municipio, fomentar a participación da sociedade en contextos educativos sen etiquetar ás persoas e/ou colectivos.

Á resposta ás demandas plantexadas polos profesionais do PEF durante anos, surtiron efecto no 2008 coa creación dun programa de apoio á educación familiar “Programa Tecendo Redes”. En xuño comézase a traballar cos servizos técnicos municipais⁴⁰, cun 84,22% de participación por parte dos concellos. Se require a participación dos profesionais de Servizos Sociais (comunitarios e especializados), responsables políticos, axentes sociais e expertos/as universitarios e outros para a elaboración dun programa marco. A orientación e a coordinación recae sobre ás 13 profesionais do programa, e os lugares de traballo son os concellos e as oficinas I+B repartidas por todo o territorio galego. Entre os obxectivos plantexados están: a creación de redes de traballo profesionais, visibilizar aos educadores dentro do contexto de Servizos Sociais, a elaboración dun programa marco que sirva de guía, a integración das perspectivas técnicas, sociais e políticas, a formación continua, e a creación dunha páxina web www.familiasgalegas.org. O programa pecha en decembro de 2009 sen poder cumprir unha boa parte do cometido para o que naceu.

Voltando o caso deste municipio, dende o ano 1999, levamos realizando diversas actuacións no traballo preventivo na comunidade: Escolas de Familia, Programa Criar e Medrar, Preescolar na casa, Plan de Voluntariado Municipal, etc. Neste sentido comezamos fai un tempo a diversificar os espazos de intervención e a traballar en equipo, cos diferentes departamentos da administración e con servizos alleos a ela.

- Xunto co persoal do CIM⁴¹ realizamos campañas informativas e obradoiros dirixidos ás mulleres, co obxecto de informar, de acercar os servizos ás poboacións máis illadas, e fomentar a participación e a creación de redes. Realizamos diversos obradoiros no Centro Cultural, nos centros de ensino, nas “casas de pobo” das diferentes parroquias e cursos que se impartiron nas instalacións deportivas e culturais.

A principios deste ano crease a *Comisión de Coordinación para a Atención Integral das Víctimas da Violencia de Xénero*, da que formamos parte xunto con outros axentes políticos, sociais e corpos de seguridade. Ao longo deste ano temos previsto seguir co traballo comezado nas casas de pobo e potenciar o traballo nas comunidades rurais. Tamén se porá en marcha a partir de setembro o “Plan Director” dirixido aos centros educativos, co que colaboraremos e reforzaremos coa continuidade do “Plan para a prevención da violencia” organizado e xestionado polas catro técnicas do Servizo Social que tamén

⁴⁰ Participan un 84,22% do persoal municipal de toda Galicia.

⁴¹ Seguindo as directrices do II PIOM de Ponte Caldelas tal como establece a área de actuación adicada ao rural.

imparten os contidos⁴². Agora estamos a valorar as potencialidades do *ciberespacio* como recurso de información, consulta e de encontro.

Colaboramos no proxecto dun grupo de mulleres interesadas en crear e/ou potenciar os espazos e os tempos das mulleres, vinculándoos coa creatividade, a natureza, a historia e o patrimonio cultural (material e inmaterial) das mulleres da nosa zona. Seguimos co traballo nos domicilios e nas dependencias municipais.

- Xunto cos Servizos Socioculturais e de Información Xuvenil: realizamos un congreso da mocidade de carácter bianual que supón un punto de encontro entre a mocidade do noso concello e a de concellos limítrofes, en colaboración co IES. Ás temáticas varían en función das demandas plantexadas pola mocidade, de situacións ou problemáticas que se presenten nese curso ou de relevancia na nosa comunidade e que lles afecten directa ou indirectamente a eles, etc. Conta coa participación activa da comunidade educativa, do persoal técnico municipal e político.

Realízanse actividades e se colabora activamente coa Ludoteca Municipal, coas escolas de fútbol e de tenis, cos obradoiros de emprego, coas actividades desenvolvidas no Centro Arqueolóxico, e cos programas como o “Obradoiro para a autonomía”, e “Ponte en movemento” dirixidos á poboación de maiores do concello. Tamén co programa “Ponte de Lecer” dirixido a toda a poboación do municipio co obxecto de valorar o tempo para un mesmo e disfrutalo, así como ofertar espazos de encontro interxeneracionais. Este ano valorase a posibilidade de ofertalos nas diferentes comunidades e así pór en valor e ocupar as casas de pobo, en ocasións infrautilizadas.

Participouse activamente no programa “Xuventude en Acción”, promovendo o traballo comunitario na xente moza, a investigación e a participación en intercambios europeos.

E traballamos para que as propostas partan da comunidade, fomentando que esta sexa proactiva, implicada, creativa, optimista, aberta... querendo ser a nosa función a de orientalos e acompañalos no proceso da creación de espazos e tempos de encontro social.

BIBLIOGRAFÍA:

AA.VV. “Deontoloxía y práctica profesional”. *Educación Social, Revista de Intervención Socioeducativa*, 17 (enero/abril 2001). Barcelona: EUES Pere Tarrés.

Concello de Ponte Caldelas. *II PIOM: Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal 2008/2011*. Documento policopiado.

Jato, E.; Iglesias, L. (2003). *Xénero e educación social*. Santiago de Compostela: Laiovento, colección Ensaio.

Vallés, J. (2009): *Manual del educador social*. Madrid: Pirámide.

López Soto, E. (Dir.) (2009). *Programa Marco de Educación Familiar*. Consorcio Galego de

⁴² As catro participamos activamente co obxecto de ser recoñecidas e presentar os nosos recursos como servizos de proximidade a toda a comunidade educativa.

Servizos de Igualdade e Benestar. Documento policopiado.

Avaliación do curso de verán

Avaliación do curso de verán.

Laura Varela Crespo


Ana Miranda del Campo

Lucía Iglesias da Cunha

Perfil das persoas asistentes


As persoas participantes no Curso de Verán foron maioritariamente mulleres (83%). Esta situación pode explicarse tendo en conta a notable feminización dos estudos de Ciencias Sociais e Xurídicas, especialmente daqueles encadrados nas Ciencias da Educación (Educación Social, Pedagogía, Maxisterio, etc.) e doutros perfís profesionais que tamén desempeñan a súa labor no ámbito dos servizos sociais (Psicoloxía, Traballo Social, etc.).

Representación gráfica nº 1: Perfil das persoas participantes segundo o xénero




Segundo o nivel de estudos, a maioría das persoas participantes -no momento de realizar o curso de verán- non tiña acadado unha titulación universitaria (60%). Situación que se pode explicar atendendo a diversos factores: a notable difusión realizada desde a propia Universidade da oferta de cursos de Verán entre o alumnado; o menor custe de matrícula para este colectivo; a estreita relación da oferta de cursos coas materias curriculares, que posibilitan aos estudantes ampliar a súa formación no período non lectivo.

Representación gráfica nº 2: Perfil das persoas participantes segundo o nivel académico




Establecendo unha distinción segundo as áreas académicas, a maioría das persoas participantes cursan titulacións ou son tituladas en Ciencias Sociais e Xurídicas (57%) -área na que se encadra o curso-, situándose nun segundo lugar as persoas procedentes de Ciencias da Saúde (16%).

Representación gráfica nº 3: Perfil das persoas participantes segundo a titulación de procedencia



Atendendo ás titulacións que tiñan preferencia no acceso (Educación Social, Pedagogía, Psicoloxía e Traballo Social) a distribución das e dos asistentes é a seguinte:

Representación gráfica nº 4: Perfil das persoas participantes segundo as titulacións de preferencia no acceso ao curso



Avaliación do curso

Sobre un total de 88 persoas matriculadas 70 responderon á enquisa deseñada pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da Universidade de Santiago para os cursos de verán. A colaboración e o interese participativo do alumnado ponse de manifesto a través do volume de persoas que responderon á enquisa de avaliación dado que a taxa de resposta é do 79,5%.

Os aspectos sobre os que se formularon preguntas estrutúranse en tres grandes apartados que son os seguintes:

- A organización xeral do curso
- O desenvolvemento do curso
- A satisfacción xeral

Seguindo este mesmo esquema procedemos a continuación a proporcionar algunhas informacións derivadas da enquisa de avaliación do curso de verán (Ver no anexo Informe de avaliación dos Cursos de Verán da USC curso 2009-10 os datos referidos ao curso “Os espazos de vida cotiá, contexto e contido da educación social nos servizos sociais”).

A organización xeral do curso

Os ítems recollidos na avaliación deste epígrafe foron os seguintes:

- Ítem 1. Información previa recibida no curso
- Ítem 2. Sistema de formalización da matrícula
- Ítem 3. Aulas e instalacións
- Ítem 4. Dotación de equipos técnicos
- Ítem 5. Duración do curso
- Ítem 6. Horario de clases
- Ítem 7. Atención recibida do persoal da USC

Utilizando unha escala de 1 (nada satisfeito/a) a 5 (moi satisfeito/a) todas as preguntas formuladas sobre a organización xeral do curso superan o 3 –como valoración media central– e na maioría dos casos sitúase por enriba a media global referida ao conxunto de cursos de verán desenvolvidos na Universidade de Santiago en 2010.

Representación gráfica nº 5: Valoración da organización xeral do curso



Exceptuamos a valoración sobre as aulas e instalacións, a dotación de equipos técnicos e o horario das clases. Os motivos de que estas puntuacións estean por debaixo da media global dos cursos da USC están relacionados, por un lado, coas limitadas condicións e dotacións do salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación –lugar utilizado para o desenvolvemento das sesións do curso– e, polo outro, co horario intensivo de actividade en sesións de mañá e tarde marcado pola organización do curso de verán


O desenvolvemento do curso

Coa mesma escala de 1 a 5, neste apartado dedicado ao desenvolvemento das sesións do curso de verán avaliáronse os seguintes ítems:

- Ítem 1. Os medios técnicos empregados polas/os relatoras/es foros axeitados.
- Ítem 2. A documentación entregada durante o curso foi de utilidade.
- Ítem 3. As/os relatoras/es demostraron un bo dominio da materia.
- Ítem 4. Existiu un alto grao de participación das persoas asistentes nos coloquios.
- Ítem 5. Estableceuse unha boa relación entre relatoras/es e asistentes.
- Ítem 6. Cumpríronse axeitadamente os horarios previstos.
- Ítem 7. Desenvolvéronse todos os contidos do programa.

As valoracións acadan en todos os casos unha puntuación superior ao 3, pero con valores inferiores á media global da USC exceptuando o grao de participación dos asistentes nos coloquios e o cumprimento dos horarios previstos que se sitúan por enriba da media global da USC.

Representación gráfica nº 6: Valoración do desenvolvemento do curso




A satisfacción xeral

Segundo na escala 1-5, o grao de satisfacción global do curso sitúase nun 3,84 (ítem 1) e o cumprimento de expectativas nun 3,79 (ítem 2). Son ambas valoracións positivas que se


reafirman no volume de persoas que recomendarían o curso (un 87,3%). Non obstante, sería desexable ter acadado puntuacións máis altas que mostrasen unha correspondencia maior aos intereses do alumnado da USC e aos profesionais que se achegan a este tipo de cursos.

Representación gráfica nº 7: Valoración da satisfacción xeral



Finalmente, un 87,3% recomendaría a outras persoas que se matriculasen neste curso.

Representación gráfica nº 8: Recomendarías o curso a outras persoas?



Suxestións

As valoracións emitidas dan conta da variedade de opinións entre as persoas asistentes ao curso. Na maioría se pon de manifesto o interese pola temática sen menoscabo de dar indicacións sobre a existencia de elementos ausentes de interese. Na mesma liña as manifestacións sobre o carácter dinámico e participativo contrastan con algunha apreciación sobre a ausencia das mesmas características en referencia a determinadas sesións do curso. É por iso que se recollen como pregunta aberta suxestións que actúen a modo de feed-back para as persoas responsables da organización do curso. Algunhas delas merecen a consideración para futuras edicións e son as seguintes:

- Mellorar as condicións do espazo onde se desenvolve o curso.
- Facilitar unha maior relación e conexión coas materias que estruturan a formación universitaria.
- Acomodar mellor os tempos de exposición de modo tal que se dea menos contido e máis interacción co alumnado asistente ao curso.
- En relación cos/coas profesionais, afondar nos contidos e introducir formatos máis dinámicos.

Anexos

RELATORAS E RELADORES

Asunción Llana Berñe

Doutora en Pedagogía, profesora do Departamento de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Barcelona. Experta europea no ámbito de Servizos Sociais. Asesora do Ministerio de Traballo, Solidariedade Social e Familia do Goberno de Romanía entre os anos 2003 e 2008. Codirectora da *Colección Acción comunitaria* da editorial Graó.

Beatriz Sestayo Doce

Licenciada en Dereito. Postgraduada en Dereito Internacional. Master en Urbanismo. Deputada no Parlamento de Galicia. Portavoz de Xustiza e Políticas Sociais do Grupo Parlamentario Socialista

Duarte Crestar Pena

Licenciado en Ciencias da Educación. Director do Centro Integral de Execución de Medidas en Medio Aberto con menores (CIEMMA) da provincia da Coruña, xestionado pola Fundación Camiña Social. Coordinador do mesmo programa na provincia de Ourense coa Asociación Centro Trama entre 1999 e o 2008.

Susana López Bogo

Licenciada en Ciencias da Educación. Profesional dos Servizos Sociais no Concello de Culleredo (A Coruña).

Ramón Molina Gómez

Educador Social. Director técnico de Arelar Xestión Socioeducativa, empresa dedicada á planificación e xestión de proxectos no ámbito da convivencia, participación social, e educación ambiental, entre outros. Experto en dinámicas teatrais como estratexias de intervención social e desenvolvemento persoal.

Pablo Navas Medina

Educador Social. Especializado en educación de rúa. Responsable do programa dos Servizos Sociais de Santiago de Compostela no barrio de Fontiñas. Experiencia en educación de rúa con poboación absentista no concello de Madrid.

Inmaculada Peleteiro Rodríguez

Educadora Social e Traballadora Social. Técnica de programación e formación nos Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

Raquel Seijo Gómez

Educadora Social e Licenciada en Ciencias da Educación. Educadora Social do Centro Cívico Municipal de Labañou (A Coruña) desde 2002. Responsable da coordinación dos Servizos Sociais Municipais cos centros educativos da zona.

M^a Pilar Gallego Cid

Concelleira de Benestar e Participación Cidadá do concello de Allariz desde 2000. Licenciada en Ciencias da Educación.

M^a Jesús López Cernadas

Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social. Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Eva M^a Moldes Casal

Educadora Social e Psicopedagoga. Responsable do programa municipal de Educación Familiar do concello de Ponte Caldelas (Pontevedra) desde o ano 1999. Master en Asesoramento, Mediación e Orientación Familiar da USC. Master en Xénero, Educación Políticas de igualdade e Liderazgo da Universidade de Vigo.

M^a Rosa Monreal Bel

Diplomada en Traballo Social e Licenciada en Antropoloxía Social e Cultural. Educadora social nos Servizos Sociais de L'Hospitalet de Llobregat desde 1997. Coordinadora do equipo profesional e responsable dos Servizos Sociais do distrito V de l'Hospitalet de Llobregat.

Sofía Riveiro Oliveira

Educadora Social e Psicopedagoga. Vogal da Área de Comunicación e Participación colexial do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

Carmen Santos Alfonso

Diplomada en Traballo Social. Coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Pontevedra. Representante do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia.

Hugo Cruz e Irene Monteiro

Especialista en teatro do oprimido, teatro foro e teatro social. Núcleo Teatro do Oprimido de Porto/PELE_espazo de Contacto Social e Cultural.

COORDINADORAS/ES-PRESENTADORAS/ES DE CADA ACTIVIDADE***Ángeles Botas Piñón***

Xefa de Sección de Servizos Sociais. Concello de Santiago de Compostela.

José A. Caride Gómez

Catedrático de Pedagogía Social. Director do Grupo de investigación SEPA. Universidade de Santiago de Compostela.

Laura Cruz López

Profesora Dpto. Pedagogía e Didáctica. Universidade da Coruña. Grupo SEPA.

Lucía Iglesias da Cunha.

Profesora do Dpto. de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social. Grupo SEPA. Universidade de Santiago de Compostela.

Eva López Soto.

Educadora Social.

Ana Miranda del Campo

Educadora Social

Ramón Molina Gómez

Director Técnico de Arelar Xestión Socioeducativa

M. Carmen Morán de Castro

Profesora Dpto. Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social. Grupo SEPA. Universidade de Santiago de Compostela

Laura Varela Crespo

Grupo de investigación SEPA. Universidade de Santiago de Compostela

PERSOAS ASISTENTES

Abal Fabeiro, María Belén

Al-Ajlani Vázquez, Tarek

Aller Lavandeira, Vanesa

Alonso Blanco, José Antonio

Alonso Carballido, Marta

Araujo González, Yolanda

Arca Arias, Alba

Arceo Tourís, Cristina

Baamonde Bouso, Andrea

Baamonde Fernández, Diego

Barreiro Ferrol, Sandra

Botana Gómez, Raquel

Busto Pena, Susana

Carballada Otero, Manuel

Carballo Alonso, M^a Carmen

Cardalda Casal, Ana María

Casal Tomé, Elba

Castro Martínez, María del Carmen

Cela Vázquez, Francisco Xavier

Cores Suárez, Ana

Costa Fernández, Antía

Domínguez Rodríguez, M^a del Pilar

Domínguez Seara, Inés

Expósito Pacín, Mario

Fariñas Vázquez, María

Fernández Carnero, Mirian

Fernández Otero, Tamara

Fraga Carballeira, Patricia

García Araújo, Iria

García Martínez, Déborah

García Vizcaíno, Julia	Otero Moral, Inmaculada
Gay Novoa, Ana	Otero Susavila, Irene
Gómez Pais, Silvia	Pacheco Faria, Joana Filipa
González Gómez, Blanca	Paz Rodríguez, Ánxela María
González Suárez, María Cristina	Pazos Sánchez, Alejandro
Lagarón Criado, Marina	Pereira López, Jesús
Lata Liñares, Alba	Pereiro Couso, Vanesa
Lema Nieto, Sonia	Pérez Pérez, Esteban
López Bascoy, Paula	Pérez Rivera, Yolanda
López Fernández, Silvia	Pertiñez Gesteiro, Iris Loreto
López Rodríguez, Silvia	Piñeiro Álvarez, María Belén
López Vázquez, Ceres	Piñeiro Vázquez, Santiago
Magariños Seiyo, Laura	Piñeiro Villaronga, Sara
Magdaniel Arévalo, Yosmery Liduvina	Reges Fernández, Lucía
Martínez Carrera, María Vanessa	Rey González, Laura
Martínez Danis, Janet	Rivera Panizo, Sara
Martínez Mariño, Leticia	Rodríguez Montero, Diego
Mato Martínez, Teresa	Rodríguez Uzal, Cristina
Méndez Lois, María José	Romero Fernández, Iria
Miranda del Campo, Ana	Santiago Varela, José Antonio
Miranda del Campo, Elena	Segade Conde, María Jesús
Moldes Casal, Eva María	Silva Ricoy, Isabel
Montoto Fernández, Adriana	Soneira Varela, Isabel
Muñoz de Paz, Lucía	Tabernerero Dobaño, Iria
Murillo Casas, Ánxela	Taboada Díaz, Laura Manuela
Nóvoa García, Francisco	Vázquez Camiño, Inés
Núñez Paz, Águeda	Veiras Méndez, Ana
Núñez Rodríguez, Lorena	Vidal Quintela, Alis Ana
Otero Martínez, Elyzabeth	Vilela Herranz, Diego

